

# Os perfís lingüísticos da *man* en francés, contrastados co húngaro, español, galego e alemán

Vilmos Bárdosi<sup>1</sup>

Eötvös Loránd Tudományegyetem

O artigo pretende demostrar, por medio dun exame contrastivo de cinco linguas, a complexidade dos perfís lingüísticos, sobre todo fraseolóxicos, do formante *man* fixados no francés e comparados co húngaro, co español, co galego e co alemán. Estes perfís resumen e reflicten as diferentes concepcións, representacións ou dominios cognitivos que temos nas cinco linguas con respecto a esta parte fundamental do corpo.

Palabras clave: lingüística cognitiva, lingüística contrastiva, perfilado, onomasioloxía, fixación.

*By means of a contrastive research, this paper intends to prove the complexity of linguistic profiles, specially phraseological profiles, containing the word hand in French compared with Hungarian, Spanish, Galician and German. These profiles sum up and reflect the different conceptions, representations or cognitive domains related to this important body part existing in those five languages.*

*Keywords: cognitive linguistics, contrastive linguistics, profiles, onomasiology, fixation.*

## 1. A *man*: xeneralidades

A *man* é unha das partes máis importantes e máis expresivas do corpo humano. Xa o filósofo grego Aristóteles, n' *As partes dos animais* (IV, 10, 687, a 19, a 24), salientara con precisión a importancia da *man*:

*[a man] é capaz de collelo e sostelo todo. [...] De feito, o ser máis intelixente é aquel que dá utilizado correctamente o maior número de ferramentas: agora ben, a man non parece ser unha ferramenta, senón varias, porque, en certa medida, é unha ferramenta que serve no lugar doutras.*

---

Data de recepción 12/05/2009 Data de aceptación 17/09/2009

<sup>1</sup> Tradución de Minia Ferro Fernández.

E Focillon fala disto nestes termos (Focillon 1947:102):

*Des que foi constituída, a parella [as dúas mans] non só cumpriu os desexos do ser humano senón que os axudou a nacer, concretounos, deu-lles forma e figura. O home fixo a man, é dicir, foina extraendo ós poucos do mundo animal, foina liberando dunha antiga e natural servidume; pero foi a man quen fixo o home.*

A man pode servir tanto para a realización de diferentes tarefas manuais, coma para facer signos, debuxar, contar, aloumiñar, calmar, curar, invitar, bendicir, prometer, face-la burla, ameazar, rexeitar, rifar, rabuñar, pegar, cometer crimes, expresa-la alegría, a tristeza, a dúbida, a morriña etc. (Bańcerowski 2009:229-236; Röhrich 1994<sup>2</sup>:638-654). Hai ritos relixiosos e moitas supersticións (quiromancia, quiroloxía) que están igualmente relacionados coa man (Decreuse 2003; Struthers 2006). Son moitos os xestos expresados coa man e todos teñen un papel importante na comunicación verbal e non verbal (linguaxe corporal) do home (Pease 1988). Hans Schemann cre incluso ter atopado a orixe da lingua nas expresións imáxicas que se basean nas funcións primordiais da man. Pensa que, contrariamente ó axioma filosófico-lingüístico da arbitrariedade do signo, trátase nestes casos (nas máis de 300 expresións que analizou) dunha motivación de grande eficacia que incluso podería se-la base dunha intercomprensión universal entre os seres humanos (Schemann 2000).

O lexema *man* (F. *main*, H. *kéz*, E. *mano*, G. *man*, A. *Hand*)<sup>2</sup> pertence ó vocabulario básico das linguas. Aparece moi cedo nos textos (por exemplo en francés cara ó 980, en húngaro e en galego arredor do 1220). Cos seus moitos derivados (F. *manuel*, *manucure*, *manufacture*, *manuscrit*, *maintenir*, *manutention*, *manipuler*, *manchot*, *manette*, *mander*, *commander*, *mandat*, *manière*, *manivelle*, *manœuvre*, *main d'œuvre*, *bimane*, *émanciper*... | H. *kéz-*, *kézi-*, *kezes-*, *kézzel-*, *-kezü*, *-kezéség*, *kezel*, *kezelés*, *kezelő*, *kezes*, *kezeség*, *kezez*, *kezezés*... | E. *manual*, *manicuro*, *manufactura*, *manuscrito*, *mantener*, *manutención*, *manipular*, *manco*, *manecilla*, *mandar*, *comandar*, *mandato*, *manera*, *manivela*, *maniobra*, *mano de obra*, *bimano*, *emancipar*... | G. *manual*, *manicuro*, *manufactura*, *manuscrito*, *manter*, *manutención*, *manipular*, *manco*, [...], *mandar*, *comandar*, *mandato*, *maneira*, *manivela*, *manobra*, *man de obra*, *bimano*, *emancipar*... | A. *handgearbeitet*, *handgreiflich*, *handhabbar*, *handgroß*, *händisch* (Austria), *handlich*, *handsam* (dialectal), *handwerklich*, *Handschrift*, *Handbuch*, *Handschuh*, *Handspiel*, *Handball*, *Handwerk*, *Händler*, *Vorhand*...) é un dos elementos constituíntes máis frecuentes do vocabulario xeral, das expresións fixas (locucións, proverbios, refráns) e dos diferentes tipos de textos (contos, cancións, textos literarios etc.).

O noso estudo tenta amosar por medio dun exame contrastivo a complexidade dos **perfis lingüísticos**, maiormente fraseolóxicos, da *man* fixados en cinco linguas europeas. O exame baséase esencialmente no francés e no húngaro, pero complementábase co español, o galego e mailo alemán. Estes perfís resumen e espellan as diferentes concepcións e representacións que temos nas diferentes linguas respecto a esta parte fundamental do corpo. A **base cognitiva** destes perfís componse de moitos

---

<sup>2</sup> As linguas analizadas identifícanse coas seguintes siglas: A. = alemán, E. = español, F. = francés, G. = galego, H. = húngaro.

**dominios cognitivos** que representan a inmensa riqueza semántica asociada á *man*. Os dominios cognitivos son as fontes do contido conceptual das expresións lingüísticas. Así cada expresión lingüística pode mobilizar un ou varios dominios cognitivos. As marcas semánticas centrais (arquetípicas) do lexema *man*, é dicir, os elementos constantes e fundamentais do seu significado, activan tres categorías naturais na nosa análise:

os diversos aspectos característicos da man, órgano do tacto e da prensión na súa aparencia exterior (forma, constitución, cor);

a posición da man sobre o corpo humano;

as funcións da man que, na estrutura conceptual máis xeral, se categorizan como unha actividade humana concreta ou simbólica. A partir da especificación destas actividades extráense moitos sub-dominios: a “posesión”, os “contactos cos seres humanos”, os “actos coordinados do traballo”, o “castigo” e “o home como tal”.

## 2. Dominios cognitivos do lexema *man*

### 2.1. Diferentes aspectos característicos da man, órgano do tacto e da prensión na súa aparencia exterior (forma, constitución e cor)

Se prescindimos da análise anatómica detallada da man (que implicaría unha perspectiva científica e restrinxiríanos á aproximación lingüística global), a súa estrutura poderíase describir sobre a base dunha relación partitiva. No senso amplo do termo, a man é unha parte do membro superior do ser humano que comprende á súa vez as partes seguintes: brazo, antebrazo, puño, cóbado, pulso ou colo da man, cunca ou palma e costas da man. Pero a análise que segue concéntrase, evidentemente, sobre todo no lexema *man*<sup>3</sup>.

O número de lexemas e colocacións que describen os diversos aspectos da man é relativamente elevado (para os exemplos franceses cf. Beauchesne 2001:216; Le Fur 2007:531). Velaí algúns exemplos (1):

- (1) **F.** *grosses/petites mains, mains longues/courtes, mains fines, mains osseuses, mains grasses/grassouillettes, mains ridées, mains velues/poilues, mains moites/humides/poisseuses, mains soignées, mains desséchées, mains calleuses, mains veinées, mains tremblantes/tremblotantes, mains gantées/nues...* | **H.** *nagy/kicsi kéz, hosszú/rövid kéz, vékony/finom kéz, csontos kéz, hájas kéz, ráncos kéz, szőrös kéz, nyirkos/nedves kéz, ápolt kéz, száraz/aszott kéz, érdes/kérges kéz, eres/erezett kéz, reszkető/remegő kéz, kesztyűs/pusztá kéz...* | **E.** *manos gruesas/pequeñas, manos largas/cortas, manos finas, manos huesudas, manos gordas/regordetas, manos arrugadas, manos velludas/peludas/vellosas, manos sudorosas/húmedas/pegajosas, manos cuidadas, manos resacas, manos callosas, manos venosas, manos temblorosas/vacilantes, manos enguantadas/desnudas...* | **G.** *mans grosas/pequenas, mans longas/curtas, mans finas, mans osudas, mans gordas,*

<sup>3</sup> A nosa análise non se estenderá ás formas sinónimas da *main* no rexistro familiar (*patoche, patte*), popular e argótico (*cuiller, louche, paluche, pince, pogne*), nin tampouco ós diferentes usos nas linguas técnicas (equitación, deporte, construción etc.).

*mans engurradas, mans peludas, mans sudorentas/húmidas/pegacentas, mans coidadas, mans resecas, mans calosas, mans venosas, mans trementes/vacilantes, mans enguantadas/núas... | A. große/kleine Hand, lange/kurze Hand, feingliedrige/schmale Hand, knöcherne Hand, fleischige Hand, runzelige Hand, behaarte Hand, klebrige/feuchte/schwitzige Hand, gepflegte Hand, trockene/dürre Hand, schwielige Hand, geaderte/geäderte Hand, zitternde Hand, behandschuhte/nackte Hand...*

Na escala de cores, a man combínase, por exemplo, cos matices seguintes (2):

- (2) **F.** *mains blanches, mains rouges, mains basanées, mains pâles... | H. fehér kéz, vörös kéz, napbarnított kéz, sápadt kéz... | E.* *manos blancas, manos rojas, manos morenas/bronceadas/tostadas, manos pálidas/transparentes... | G.* *mans brancas, mans encarnadas, mans morenas/bronceadas/torradas, mans pálidas/transparentes... | A.* *weiße Hände, rote Hände, sonnengebräunte Hände, blasse Hände...*

Desde o punto de vista táctil, a pel da man ou da palma pode estar caracterizada polos adxectivos seguintes (3):

- (3) **F.** *mains chaudes/froides, mains ridées, mains rêches/crevassées/rugueuses/calleuses, mains tannées, mains moïtes/humides/poisseuses, mains sèches, mains molles, mains dures/fermes, mains musclées, mains poilues/velues... | H.* *meleg/hideg<sup>4</sup> kéz, ráncos kéz, reszelős/durva/érdes/kérges kéz, cserzett kéz, izzadt/nyirkos/nedves kéz, száraz kéz, puha/petyhüdt kéz, kemény kéz, izmos kéz, szőrös kéz, szörtelen/csupasz/sima kéz... | E.* *manos calientes/frías, manos arrugadas, manos ásperas/agrietadas/rugosas/callosas, manos curtidas, manos sudorosas/húmedas/pegajosas, manos secas, manos blandas, manos duras/firmes, manos musculosas, manos velludas/vellosas/peludas... | G.* *mans quentes/frías, mans engurradas, mans bravas/degretadas/rugosas/calosas, mans curtidas, mans sudorentas/húmidas/pegacentas, mans secas<sup>5</sup>, mans brandas, mans duras/firmes, mans musculosas, mans peludas... | A.* *warme/kalte Hand, runzelige Hand, rauhe/spröde/schwielige Hand, gegerbte Hand, schwitzige/schweißige/feuchte/ Hand, trockene Hand, weiche/schlaffe Hand, kräftige Hand, muskulöse Hand, behaarte Hand, nackte/unbehaarte/glatte Hand...*

A forma da man (ou da palma) está tamén frecuentemente caracterizada por adxectivos (4):

- (4) **F.** *mains larges, mains épaisses/potelées/grasses/grassouillettes, mains minces/maigres/frêles, mains fuselées, petites mains, mains courtes, mains fortes... | H.* *széles kéz, tömzsi/dundi/hájjas/húsos kéz, keskeny/vékony kéz, hosszú kéz, kicsi kéz, rövid kéz, erős kéz, hájas kéz... | E.* *manos anchas, manos rollizas/gordas/regordetas, manos delgadas/delicadas, manos finas, manos pequeñas, manos cortas, manos fuertes... | G.* *mans anchas, mans gordas/regordetas, mans delgadas/delicadas/de*

<sup>4</sup> O húngaro ten unha comparación idiomática que describe as mans frías e lixeiramente suorentas de alguén comparándoas ás patas da ra. (*hideg a keze, mint a béka lába*).

<sup>5</sup> Debe observarse que en galego *mans secas* é unha locución que significa tamén ‘baleiras’: *vir coas mans secas* significa ‘vir sen traer nada para dar ou regalar’.

*araña, mans finas, mans pequenas, mans curtas, mans fortes... | A. breite Hand, dicke/gedrungene/rundliche/fleischige Hand, schmale/magere Hand, lange Hand, kleine Hand, kurze Hand, kräftige Hand...*

Sinalemos que o tamaño da man ou da palma, da cunca da man –como *tertium comparationis*– serve para expresar unha dimensión, un volume pouco importante nas linguas estudadas (5a, 5b):

(5a) **F.** *grand comme la main* | **H.** *tenyéryni, maroknyi* | **E.** *algo que cabe en la palma de la mano* | **G.** *que cabe na palma da man / nunha man cerrada / na cunca da man / nun puño* | **A.** *handbreit; nicht größer als meine Hand.*

(5b) **F.** *un livre qui tient dans le creux de la main* | **H.** *az ember tenyerében elférő könyv* | **E.** *un libro que cabe en el hueco / en la palma de la mano* | **G.** *un libro que cabe na cunca da man* | **A.** *ein Buch in der Größe der Hand; ein Buch, das in die Hand passt.*

## 2.2. Posición da man no corpo humano

O lexema *man* perfila (Bańczerowski 2009:113-121) de maneira natural, como órgano do corpo humano, tanto a dualidade da man (6a, 6b, 6c, 6d) coma a disposición das mans en cada un dos dous lados do corpo (7a, 7b). Estas dúas últimas secuencias reflicten o papel xogado pola man na orientación e nas construcións da noción do espazo:

(6a) **F.** *des deux mains*<sup>6</sup> | **H.** *két kézzel; két kézre* | **E.** *a dos manos; con las dos manos* | **G.** *ás dúas mans; coas dúas mans*<sup>7</sup> | **A.** *mit beiden Händen*

(6b) **F.** *prendre/saisir/tenir qqch. des deux mains* | **H.** *két kézzel fog vmit* | **E.** *coger/agarrar/mantener algo con ambas manos / con las dos manos* | **G.** *coller/agarrar/termar de algo coas dúas mans* | **A.** *etw. mit beiden Händen fassen/ergreifen/halten*

(6c) **F.** *se servir des deux mains (dans un travail)* | **H.** *mindkét kezét használja (munka közben)* | **E.** *servirse de las dos manos (en el trabajo)* | **G.** *utiliza-las dúas mans (no traballo)* | **A.** *beide Hände benutzen (während der Arbeit)*

(6d) **F.** *La main droite ignore / ne sait pas ce que fait la main gauche.* | **H.** *Nem tudja a jobb kéz, mit csinál a bal.* | **E.** *La mano derecha no sabe qué hace la izquierda.* | **G.** *A man dereita non sabe o que fai a esquerda.* | **A.** *Die linke Hand weiß nicht, was die rechte tut.*

(7a) **F.** *main gauche/droite* | **H.** *bal/jobb kéz* | **E.** *mano izquierda/derecha* | **G.** *man esquerda/dereita* | **A.** *linke/rechte Hand*

<sup>6</sup> En sentido figurado, as dúas mans poden significar ‘completamente, totalmente, sen restrición’, como tal, na expresión francesa *souscrire à deux mains à qqch* ou na húngara *két kézzel*.

<sup>7</sup> En galego di o refrán: *Non fere Deus ás dúas mans.*

(7b) F. *à main gauche/droite* | H. *bal/jobb kéz felől* | E. *a mano izquierda/derecha* | G. *á man esquerda/dereita* | A. *zur linken/rechten Hand*

### 2.3. Funcións simbolizadas pola man

O contido do dominio cognitivo que fixa as diferentes funcións da man amosa unha gran variedade. Neste nivel de conceptualización a característica básica da man é o movemento que está intimamente ligado ás **actividades humanas**. As expresións (8a, 8b)

(8a) F. *ne bouger ni mains ni pieds* | H. *kezét lábát nem mozgatja* | E. *no mover ni pie ni mano* | G. *non dar (nin) a pé nin a man* | A. *keine Hand rühren*

(8b) F. *les mains jointes; les mains dans les poches* | H. *összetett kézzel/kezekkel; zsebre tett kézzel; ölbe tett kézzel* | E. *(quedarse) con las manos cruzadas; (estar) mano sobre mano; venir con las manos en el seno* | G. *(quedar) coas mans cruzadas; (estar) man sobre man; vir coas mans nos petos* | A. *die Hände in den Schoß legen*

significan, por exemplo, con frecuencia cun matiz pexorativo, que a persoa en cuestión se mantén pasiva, despreocupada, relaxada, sen facer nada, xeralmente por preguiza<sup>8</sup>. A falta de toda posibilidade de acción, a indecisión, a dúbida (9a, 9b, 9c) ou, pola contra, a total liberdade de acción (10a, 10b) poden igualmente ser simbolizadas polo movemento das mans. A liberdade de acción ten sempre unha cualificación positiva, mentres que a súa ausencia provoca un sentimento de malestar, unha situación desagradable:

(9a) F. *avoir les mains liées* | H. *meg van kötve vkinek a keze* | E. *tener las manos atadas* | G. *te-las mans atadas* | A. *jmdm. sind die Hände / Hände und Füße gebunden*

(9b) F. *lier les mains à/de qqn* | H. *megkötö vkinek a kezét* | E. *atar las manos a alguien* | G. *atarlle as mans a alguén* | A. *jmdm. sind durch jmd./etw. die Hände gebunden*

(9c) F. *La main droite ignore / ne sait pas ce que fait la main gauche.* | H. *Nem tudja a jobb kéz, mit csinál a bal.* | E. *La mano derecha no sabe qué hace la izquierda.* | G. *A man dereita non sabe o que fai a esquerda.* | A. *Die linke Hand weiß nicht, was die rechte tut.*

(10a) F. *avoir les mains libres* | H. *szabad keze van* | E. *tener las manos libres* | G. *te-las mans libres* | A. *freie Hand haben*

---

<sup>8</sup> Cómpre advertir que para expresa-la pasividade, francés, húngaro, español e galego poden tamén botar man do lexema *bras*: (*rester*) *les bras croisés*; (*keresztbe font karral (áll)*); *cruzarse de brazos/manos*; *cruza-los brazos*. O feito de obter un resultado ou un éxito sen esforzo, sen traballo, exprésase en español e galego co frasema *man* (*venirle a alguien una cosa a la(s) mano(s)*; *virle a alguien unha cousa á man*), mentres que húngaro e alemán perfilano co lexema *giron* (seo) (*ölébe hull vkinek vmi*; *etw. fällt jmdm. in den Schoß* {literalmente: algo cáelle no seo}), e o francés co lexema *ciel* (*qqch. lui tombe du ciel* {literalmente: algo cáelle do ceo}).

(10b) **F.** *laisser les mains libres à qqn* | **H.** *szabad kezét ad vkinek* | **E.** *dejar a alguien las manos libres* | **G.** *deixarlle a alguén as mans libres* | **A.** *jmdm. freie Hand lassen*

### 2.3.1. A man, símbolo da posesión

Examinemos máis de preto o compoñente do dominio funcional no que se perfila a posesión como unha das funcións principais simbolizadas pola *man*. No modelo cultural europeo, moitas colocacións e expresións simbolizan e ilustran a particularidade natural da man como órgano da prensión e, por extensión, da utilización, da posesión (11a, 11b, 11c, 11d, 11e, 11f) ou do cambio de propiedade (12a, 12b, 12c) e, con máis razón, do roubo e da apropiación ilícita (12d, 12e):

(11a) **F.** *prendre qqch. en main; prendre qqch. des deux mains; bagage à main* | **H.** *kézbe/kezébe vesz vmit; két kézzel fog meg vmit; kézipoggyász* | **E.** *coger con la mano algo; poner la mano en algo; echar la mano a algo; maletín/equipaje de mano* | **G.** *coller coa man algo; poñe-la man en algo; botarlle a man a algo; maletín/equipaxe de man* | **A.** *etwas in die Hand / zur Hand nehmen; etw. mit beiden Händen fassen; Handgepäck*

(11b) **F.** *tenir qqch. à la main* | **H.** *kezében tart vmit* | **E.** *tener algo en la mano / en su mano* | **G.** *ter algo na man* | **A.** *etw. in der Hand halten*

(11c) **F.** *tomber entre les mains de qqn* – « *Un supertanker saoudien, battant pavillon libérien, est tombé entre les mains de pirates.* » | **H.** *vkinek a kezére kerül* – „Egy libériai zászló alatt hajózó szaúd-arábiai óriás tankhajó a kalózok kezére került.” | **E.** *caer en (las) manos de alguien; llegar a manos de alguien* – “Un superpetrolero saudita con bandera de Liberia, cayó en manos de los piratas.” | **G.** *caer nas mans de alguén; chegar ás mans de alguén* – “Un superpetrolero saudita con bandeira de Liberia, caeu nas mans dos piratas.” | **A.** *jmdm. in die Hände fallen/kommen* – „Ein saudischer Supertanker, der unter der Flagge Liberias fuhr, fiel in die Hände von Piraten.“

(11d) **F.** *être aux mains de qqn* – « *Avec la nationalisation de Renault, c’est un tiers de la production automobile qui est aux mains de l’État.* » | **H.** *vkinek a kezében van vmi* – „A Renault államosításával a gépkocsigyártás harmada az állam kezében van.” | **E.** *estar algo en la mano de alguien / en manos de alguien; tener algo en su(s) mano(s)* – “Con la nacionalización de Renault, es un tercio de la producción automovil que está en manos del Estado.” | **G.** *estar algo na man de alguén / nas mans de alguén; ter algo na man* – “Coa nacionalización de Renault, un terzo da produción automobilística está nas mans do Estado.” | **A.** *in jmds. Hand/Händen sein; die/seine Hand auf etw. haben/halten; etw. in Händen halten* – „Durch die Nationalisierung von Renault, ist nun ein Drittel der Automobilproduktion in den Händen des Staates.“

(11e) **F.** *passer aux mains de qqn* – « *En 1833, le monastère passe aux mains de l’État et se transforme en école.* » | **H.** *vkinek a kezébe kerül vmi* – „1833-ban a monostor az állam kezébe kerül és iskolává alakul át.” | **E.** *llegar algo a manos de alguien* – “En 1833, el monasterio llega/pasa a manos del Estado y se transforma en

*una escuela.*” | **G.** *chegar algo ás mans de alguén* – “En 1833, o mosteiro chega/pasa ás mans do Estado e transfórmase nunha escola.” | **A.** *in jmds. Hand/Hände übergehen* – „Im Jahre 1833 ist das Kloster in die Hände des Staates übergangen und ist in eine Schule umgewandelt worden.“

(11f) **F.** *mettre la main sur qqch.* | **H.** *ráteszi a kezét vmire; kézre kerít vmit* | **E.** *echar/meter mano a una cosa* | **G.** *botarlle a man a unha cousa*<sup>9</sup> | **A.** *seine/die Hand auf etw. legen*

(12a) **F.** *de première/seconde main* | **H.** *első kézből / másodkézből* | **E.** *de primera/segunda mano* | **G.** *de primeira/segunda man* | **A.** *aus erster/zweiter Hand*

(12b) **F.** *de la main à la main* | **H.** *{zsebből-zsebbe; közvetítő nélkül}*<sup>10</sup> | **E.** *de mano a/en mano* | **G.** *de man en man* | **A.** *von Hand zu Hand*

(12c) **F.** *changer de main; circuler de mains en mains* | **H.** *gazdát/tulajdonost cserél; kézről kézre jár* | **E.** *ir/pasar de mano a/en mano; cambiar/mudar de mano(s)* | **G.** *ir/pasar de man en man; cambiar/mudar de mans* | **A.** *etw. geht von Hand zu Hand; durch viele Hände gehen; in andere Hände übergehen*

(12d) **F.** *tomber entre de mauvaises mains* | **H.** *rossz kezekbe kerül* | **E.** *caer en manos equivocadas* | **G.** *caer en malas mans* | **A.** *in falsche Hände geraten*

(12e) **F.** *faire main basse sur qqch.* | **H.** *ráteszi a kezét vmire* | **E.** *echar mano a algo; meter la mano en algo* | **G.** *botarlle a man a algo; mete-la man en algo* | **A.** *{sich etw. aneignen; etw. an sich bringen; sich etw. unter den Nagel reißen}*

Polo tanto, ter ou soster algo na man simboliza, tamén por extensión e metafóricamente, que se ten algo ou alguén baixo o propio poder, baixo o propio dominio. As nocións pertencentes ó campo do dominio, da autoridade, da empresa, do ascendente, da influencia provocan automaticamente metáforas e frases feitas nas que o núcleo é a man (13a, 13b, 13c, 13d, 13e, 13f, 13g, 13h, 13i, 13l). Este campo cognitivo parece ampliarse por asociacións que se relacionan coa corrupción a través do diñeiro.

(13a) **F.** *avoir la haute main sur qqch. /dans une affaire; avoir la situation en main* | **H.** *kezében tart vmit / egy ügyet; kézben tartja a helyzetet* | **E.** *tener mano en algo; llevar/tener/traer algo entre manos; {tener la situación bajo control}* | **G.** *ter man en algo; levar/ter/traer algo entre mans; meterlle man a algo/alguén* | **A.** *das Heft in der Hand haben/behalten; seine Hände im Spiel haben; alle Fäden laufen in jmds. Hand zusammen; die Zügel fest in der Hand haben/halten*

<sup>9</sup> Na Galicia tradicional *a man* era tamén a propiedade pecuaria e o coidado dela. Os nosos avós crían que cando morre un labrego, cabeza de familia, hai que botar todo o gando ó campo antes de que saquen o cadáver para enterrar e a iso chamábanlle *leva-la man dela*, porque leva o coidado dela e non hai despois quen a atenda: se non se fixer, expoñeríanse a que morrese a facenda.

<sup>10</sup> As chaves { } sinalan unha tradución literal, non idiomática ou un equivalente idiomático (en itálica) no que o lexema *man* non figura.



(13b) **F.** *prendre le pouvoir en main* | **H.** *kezébe veszi a hatalmat* | **E.** *tomar el poder en sus manos* | **G.** *colle-lo poder na man* | **A.** *das Heft in die Hand nehmen*

(13c) **F.** *avoir un atout dans la main* | **H.** *adu van vkinek a kezében* | **E.** *tener un triunfo en la mano* | **G.** *ter un triunfo na man* | **A.** *einen Trumpf in der Hand haben*

(13d) **F.** *avoir une main de fer* | **H.** *vaskező, erőskező, keménykező* | **E.** *tener mano de hierro; tener mano dura/fuerte* | **G.** *ter man de ferro; ter man dura/forte* | **A.** *eine eiserne/harte/feste/starke Hand haben; mit eiserner/harter/fester/starker Hand handeln*

(13e) **F.** *avoir les mains longues; avoir les bras longs*<sup>11</sup> | **H.** *hosszú vkinek a keze; messzire (el)ér vkinek a keze* | **E.** {*tener el brazo largo*} | **G.** {*te-lo brazo longo*} | **A.** {*einen langen Arm haben*}

(13f) **F.** *remettre les rênes du pouvoir entre les mains de qqn* | **H.** *vkinek a kezére (át)játssza a hatalmat* | **E.** *poner las riendas del poder en manos de alguien* | **G.** *poñe-las rendas do poder na man de alguén* | **A.** *die Macht in jmds. Hand/Hände legen/geben; jmdm. die Macht in die Hand/Hände spielen*

(13g) **F.** *la main de Washington/Moscou* | **H.** *Washington/Moszkva keze* | **E.** *la mano de Washington/Moscú* | **G.** *a man de Washington/Moscova* | **A.** *die Hand von Washington/Moskau hat seine Hand/Hände im Spiel*

(13h) **F.** *se remettre entre les mains de qqn; déposer son sort entre les mains de qqn* | **H.** *vkinek a kezébe teszi le a sorsát* | **E.** *ponerse/encomendarse en manos de alguien* | **G.** *poñerse nas mans de alguén* | **A.** *sein Schicksal in jmds. Hand legen*

(13i) **F.** *La décision est entre ses mains.* | **H.** *A kezében van a döntés.* | **E.** *La decisión está en sus manos.* | **G.** *A decisión está nas mans del/dela.* | **A.** *Die Entscheidung liegt in seiner Hand.*

(13l) **F.** *tomber aux mains / dans les mains /entre les mains de ses ennemis* | **H.** *ellenségei kezébe/kezére kerül* | **E.** *caer en (las) manos de sus enemigos* | **G.** *caer nas mans dos seus inimigos* | **A.** *seinen Feinden in die Hände fallen/comen*

(14) **F.** *graisser la patte*<sup>12</sup> *à qqn ; glisser un billet dans la main de qqn* | **H.** *megkeni vkinek a kezét*<sup>13</sup>; *pénzt csúsztat vkinek a kezébe* | **E.** *untar la(s) mano(s) a alguien* | **G.** *untarlle a(s) man(s) a alguén* | **A.** *jmdm. die Hände schmieren/versilbern; jmdm. Geld in die Hand drücken*

<sup>11</sup> A man e mailo brazo compiten moito nos fraseas franceses, españois, galegos e alemáns.

<sup>12</sup> A locución *graisser la main à qqn* ('untarlle a man a alguén') non está documentada nos dicionarios franceses pero encóntrase na Internet e sábese que na lingua familiar a palabra *patte*, igual que o son equivalente húngaro *mancs*, é sinónima de *main*. Engadamos tamén a locución hoxe arcaica *bonne main* que significaba 'propina'.

<sup>13</sup> En húngaro a *man* é facilmente intercambiable na locución polas palabras *marok* 'cunca da man' ou *tenyér* 'palma'.

Sinalemos que en húngaro a man como símbolo de posesión padece a competencia, case sempre a título exclusivo, da cunca da man (*marok*), cousa que non parece darse nas outras linguas analizadas.

(15a) **H.** *a markában szorongat vmit* | **F.** {tenir/serrer qqch. dans le creux de la main} | **E.** {tener/apretar algo en la palma de la mano} | **G.** {ter algo nun puño} | **A.** {etw. fest in der hohlen Hand halten}

(15b) **H.** *marokra fog vmit* | **F.** {prendre qqch. dans le creux de la main, empoigner qqch.} | **E.** {coger/tomar algo en la palma de la mano} | **G.** {coller algo na (súa) man} | **A.** {etw. mit der hohlen Hand fassen}

A cunca da man (*marok*) activa en húngaro varias connotacións positivas e negativas. Así a aceptación dun acordo, dun trato pechado (16), o monllo de cereais (17), a obtención de algo a base manobras hábiles a pesar das dificultades (18), a influencia dominante que unha persoa exerce sobre outra (19a, 19b), a abundancia, a xenerosidade (20a) ou, pola contra, a penuria, a mesquindade ou a falta de xenerosidade, a avaricia (20b, 20c, 20d). Nos exemplos en (20), a *man* tamén pode servir de soporte só ou en competencia coa cunca da man. Por outra banda, a xenerosidade, o agasallo está máis frecuentemente simbolizado polo lexema *man* nas expresións húngaras.

(16) **H.** *belecsap/beleüt vkinek a markába; a markába csap/üt vkinek; kezet ad vkinek vmire; Kezet rá!* | **F.** *toucher/taper dans la main à qqn; Tope-là!* | **E.** *estrechar la mano a alguien; ¡Chócala!* | **G.** *darlle/chocarlle a man a alguén; ¡Choca eses cinco!* | **A.** *jmdm. auf etw. die Hand geben; jmdm. etw. in die Hand versprechen; Hand darauf!*

(17) **H.** *markot szed* | **F.** {javeler} | **E.** {agavillar} | **G.** {amonllar}<sup>14</sup> | **A.** {Garben binden}

(18) **H.** *markába kaparint vmit* | **F.** {dénicher / se procurer habilement qqch.} | **E.** {agarrar algo hábilmente} | **G.** *darse man / ter man para (conseguir algo)* | **A.** {etw. geschickt erwerben}

(19a) **H.** *vkinek a markába / a keze közé kerül vki* | **F.** *tomber aux mains de qqn; {tomber sous la coupe de qqn}* | **E.** *caer en las manos de alguien* | **G.** *caer nas mans de alguén* | **A.** *jmdm. in die Hände fallen/comen*

(19b) **H.** *vkinek a markában van vki; a markában tart vkít* | **F.** {être / se trouver sous la coupe de qqn; avoir qqn sous sa coupe} | **E.** *tener a alguien en su mano* | **G.** *estar nas mans de alguén; ter na man alguén* | **A.** *jmdn. in der Hand haben*

(20a) **H.** *tele marokkal/kézzel* | **F.** *à pleines mains* | **E.** *a manos llenas* | **G.** *a mancheas* | **A.** *mit vollen Händen*

<sup>14</sup> Nótese que o galego *monllo* procede do latín *manuculu* (< *manus*) e que o verbo *amonllar* deriva do substantivo *monllo*.

(20b) **H.** *üres marokkal/kézzel* | **F.** *les mains vides* | **E.** *con las manos vacías; con mano escasa* | **G.** *coas mans secas / coa man manca / coas mans baleiras*<sup>15</sup> | **A.** *mit leeren Händen*

(20c) **H.** *amit egyik kezével ad, a másikkal visszaveszi* | **F.** *donner d'une main et retenir/repandre de l'autre* | **E.** *dar con una mano y quitar con la otra* | **G.** *dar cunha man e quitar coa outra* | **A.** *mit einer Hand geben und mit der anderen nehmen / und die andere zum Nehmen ausstrecken*

(20d) **H.** *szűkmarkú, szűkkeblű* {littéralement: étroit de la paume/poitrine} | **F.** *avoir les mains crochues* | **E.** *tener la mano manca* | **G.** *te-la man (moi) agarrada; aperta-la man* | **A.** *die Hand auf der Tasche halten*

(21a) **H.** *két kézzel szórja a pénzt; kifolyik a pénz a keze közül* | **F.** *dépenser l'argent à pleines mains; avoir toujours l'argent à la main; l'argent lui fond dans les mains* | **E.** *el dinero se le deshace / se le quema entre las manos; se le va el dinero de entre las manos; el dinero se le escapa/escurre de la manos; gastar/tirar el dinero a manos llenas* | **G.** *ter buratos na man / irselle o diñeiro por entre os dedos* | **A.** *mit vollen Händen das Geld zum Fenster rauswerfen; jmdm. zerrinnt/zerfließt/schmilzt das Geld/Vermögen unter den Händen*

(21b) **H.** *bőkezűen ad/oszt* | **F.** *donner à pleines mains; donner d'une main généreuse; avoir la main lourde; avoir la main donnante (vieilli)* | **E.** *dar a manos llenas; dar con franca/larga mano; cargar la mano en algo; irsele a alguien la mano en algo* | **G.** *abri-la man*<sup>16</sup> / *ser aberto de man / ser largo de man* | **A.** *eine milde/offene Hand haben; mit vollen Händen geben*

A cunca da man (*marok*) ou o adxectivo derivado (*maroknyi*) simboliza tamén a cantidade dunha cousa que pode conter unha man pechada (22a) ou, no sentido figurado un pequeno grupo de persoas (22b):

(22a) **H.** *egy marok(nyi) só* | **F.** *une poignée de sel* | **E.** *un puñado de sal* | **G.** *unha manchea/man / un puñado de sal* | **A.** *eine Hand voll Salz*

(22b) **H.** *egy maroknyi elégedetlen* | **F.** *une poignée de mécontents* | **E.** *un puñado de descontentos* | **G.** *un puñado de descontentos* | **A.** *eine Hand voll Unzufriedener*

### 2.3.2. A man, símbolo dos contactos cos seres humanos

A man conceptualízase tamén como medio de contacto cos seres humanos. Coa man entramos en contacto co mundo circundante, cos nosos interlocutores. Esta conceptualización supón, en xeral, un contacto directo ou, polo menos, a proximidade do obxecto en cuestión (23). As expresións dadas abaixo (24) amósannos que a man

<sup>15</sup> En galego dise *ser así* (facendo o xesto de cerra-lo puño) ou *ser coma a Virxe do puño*.

<sup>16</sup> En galego, para a xenerosidade, dise máis ben *abri-lo puño*. Nos Blancos, se a un lle din *Abre o puño* estanlle dicindo ‘dáme algo’ e el pode responder: *Unta por fóra*, é dicir ‘¿E ti que das?’: é o *do ut des*. E *ser un puño de aire* é ‘ser insensato’. *Un puñado de* significa ‘moita cantidade’ (*un puñado de pelos*).

sinala algo para o receptor, transmite unha información, polo tanto, é o testemuño dunha función semántica concreta. Desde este punto de vista, a man conceptualízase como ‘transmisor de signos’ e vólvese un elemento importante da ‘linguaxe das mans’

(23) **F.** *remettre qqch. en main(s) propre(s)* | **H.** *saját kezébe ad vkinek vmit; kézhez visz vkinek vmit* | **E.** *entregar algo en propia mano a alguien* | **G.** *entregarlle algo na man a alguén* | **A.** *jmdm. etw. zu eigenen Händen geben; {jmdm. etw. aushändigen / persönlich überreichen}*

(24) **F.** *montrer/désigner qqch. de la main; faire un signe de la main; saluer qqn de la main<sup>17</sup>; gesticuler de la main; parler avec les mains; lever la main (pour demander la parole / pour prêter serment); vote à main levée; manuscrit; écrit à la main* | **H.** *kézzel megmutat vmit; kezével jelez; kezével integet vkinek; kézzel gesztikulál; felemeli a kezét (, hogy szót kérjen / hogy esküt tegyen); kézfelemeléses szavazás; kézzel írott* | **E.** *señalar/enseñar algo con la mano; alargar/extendir la mano (para saludar); hablar con la(s) mano(s); hablar por la mano; levantar la mano (para pedir la palabra / para prestar juramento); votación a mano alzada; manuscrito; escrito a la mano* | **G.** *sinalar/ensinar algo coa man; acenar coa man; falar coas mans; falar pola man<sup>18</sup>; ergue-la man (para pedi-la palabra / para prestar xuramento); votación a man alzada; manuscrito; escrito á man* | **A.** *etw. mit der Hand zeigen; mit der Hand ein Zeichen geben; jmdm. mit der Hand (zu)winken; mit (den) Händen (und Füßen) reden; die/seine Hand erheben (zur Wortmeldung / zum Eid/Schwur); Abstimmung/Wahl durch Handerheben/Handaufheben; handgeschrieben*

Os contactos cotiáns entre os humanos fanse moi frecuentemente coa axuda das mans (25a, 25b, 25c, 25d, 25e). Estes xestos convencionais cumpren na interacción unha función fática que se manifesta no establecemento, no mantemento ou no peche do contacto.

(25a) **F.** *donner/tendre la main à qqn* | **H.** *kezet ad/nyújt vkinek* | **E.** *alargar/dar/ofrecer/tender la mano a alguien* | **G.** *darlle/botarlle a man a alguén / dar unha man a alguén<sup>19</sup>; alarga-la man* | **A.** *jmdm. die Hand geben/reichen*

(25b) **F.** *prendre qqn par la main* | **H.** *kézen fog vkit* | **E.** *coger de la mano a alguien* | **G.** *coller pola man alguén* | **A.** *jmdn. bei der Hand nehmen*

(25c) **F.** *donner une poignée de main à qqn* | **H.** *kezet fog/szorít/ráz vkivel* | **E.** *estrechar la mano a alguien; dar un apretón de manos a alguien* | **G.** *chocarlle/darlle a man a alguén; chocarlle os cinco a alguén* | **A.** *jmdm. die Hand schütteln/drücken*

(25d) **F.** *donner/serrer la main à qqn* | **H.** *kezet ad vkinek; megszorítja vkinek a kezét* | **E.** *dar/estrechar/apretar la mano a alguien* | **G.** *chocarlle/darlle a man a alguén; chocarlle os cinco a alguén* | **A.** *jmdm. die Hand drücken*

<sup>17</sup> No Canadá: *envoyer la main*.

<sup>18</sup> *Falar pola man* en galego significa ‘facer letras cos dedos para entenderse’.

<sup>19</sup> Esta locución galega significa ‘axudar’: *¿Tes quen che dea unha man?*

(25e) **F.** *poser la main sur l'épaule de qqn* | **H.** *vkinek a vállára teszi a kezét* | **E.** *poner la mano en la espalda de alguien* | **G.** *poñerlle a man no lombo a alguén*<sup>20</sup> | **A.** *jmdm. die Hand auf die Schulter legen*

Algunhas locucións representan situacións nas que a man simboliza, habitualmente acompañada dunha función performativa, unha relación humana ben definida, no caso do matrimonio (26a, 26b, 26c), do amor, da axuda mutua (26d, 26e), da bendición (26f), do parecido dos caracteres, da complicidade (26g), da harmonía ou das adulacións (26i)

(26a) **F.** *demander la main à qqn; aspirer à la main de qqn* | **H.** *megkéri vkinek a kezét; vkinek a kezére pályázik* | **E.** *pedir la mano de alguien; aspirar a la mano de alguien* | **G.** *pedi-la man dunha muller; aspirar á man de alguén* | **A.** *um jmds. Hand anhalten; jmdn. um die Hand bitten*

(26b) **F.** *promettre la main de qqn à qqn* | **H.** *(oda)ígéri vkinek a kezét vkinek* | **E.** *prometer la mano de alguien a alguien* | **G.** *Promete-la man de alguén a alguén* | **A.** *jmdm. jmds. Hand versprechen*

(26c) **F.** *obtenir la main de qqn; accorder sa main à qqn* | **H.** *elnyeri/megkapja vkinek a kezét; odanyújtja a kezét vkinek* | **E.** *obtenir la mano de alguien; conceder su mano a alguien* | **G.** *obte-la man de alguén; concederlle a man a alguén* | **A.** *jmds. Hand bekommen/erhalten; jmdm. die Hand fürs Leben reichen*

(26d) **F.** *se tenir par la main* | **H.** *egymás kezét fogják* | **E.** *estar cogidos de la mano* | **G.** *estar collidos pola man* | **A.** *Händchen halten*

(26e) **F.** *la main dans la main* | **H.** *kéz a kézben* | **E.** *(con las) manos unidas; asidos/cogidos de la mano* | **G.** *pola man; collidos pola man* | **A.** *Hand in Hand*

(26f) **F.** *bénir qqn de la main* | **H.** *megáld a kezével vkit* | **E.** *bendecir con la mano* | **G.** *bendicir coa man* | **A.** *jmdn. mit der Hand segnen*

(26g) **F.** *(pouvoir) se donner la main* | **H.** *kezet foghatnak* | **E.** *darse la mano* | **G.** *darlle a man un a outro* | **A.** *sich/einander die Hand reichen (können)*

(26h) **F.** *manger dans la main de qqn* | **H.** *vkinek a kezéből/tenyeréből eszik* | **E.** *comer en la mano de alguien* | **G.** *comer pola man de alguén* | **A.** *jmdm. aus der Hand fresen*

(26i) **F.** *passer la main dans le dos de qqn* | **H.** *kezét-lábát tőri vkiért* | **E.** *pasar/traer la mano por el cerro/lomo a alguien* | **G.** *pasarlle/levarlle a man polo lombo a alguén* | **A.** *{jmdm. um den Bart streichen; jmdm. schmeicheln}*

Sinalemos que a *l'imposition de la main* (**H.** 'kézrátétel', **E.** 'imposición de manos', **G.** *imposición de mans*, **A.** *Handauflegung*) sempre xogou un papel importante na vida

<sup>20</sup> En galego esta frase pode significar 'golpear, agredir'.

humana. Moitas pasaxes da Biblia evocan a súa forza milagrosa, especialmente cando Xesús cura o gafo (Mateo 8,1-4; Marcos 1,40-45; Lucas 5,12-15), a sogra de Pedro que tiña febre (Mateo 8,14-15), un hidrópico (Lucas 14,1-4), cando resucita a filla de Xairo (Mateo 9,18-26; Marcos 5,21-43; Lucas 8,40-56), un mozo de Naín (Lucas 7,11-17), cando fai que os xordos oian e os mudos falen (Marcos, 7,32-37). A imposición da man é un contacto físico que, na cultura xudeo-cristiá europea, considérase que exerce un efecto máxico sobre os humanos e os animais. O meniño que chora acouga en canto a súa nai o aloumiña coa man, as parellas de mozos pasean *la main dans la main*<sup>21</sup> etc. O contacto da man dá un sentimento de seguranza que fai desaparecer-la anguria, a crispación e introduce a calma, a harmonía interior.

Tamén é interesante analiza-los xestos da man que transmiten diferentes informacións na comunicación: desesperación, excitación, medo (27a, 27b), indiferenza, resignación (28), alegría, satisfacción (29), impotencia, perplexidade (30), ameaza, orde imperiosa, acto violento (31a, 31b, 31c), asombro (32), respecto, saúdo respectuoso a mulleres (33), prohibición de tocar alguén ou algo (34), súplica (35), acto (36a) ou afirmación enérxica (36b). O lexema *main* pode ser substituído a miúdo polo seu sinónimo coloquial *patte*.

(27a) **F.** *se tordre les mains de désespoir; se prendre la tête entre les mains* | **H.** *kétségbeesetten tördeli a kezét; kezébe fogja a fejét* | **E.** *retorcerse las manos de desesperación; llevarse las manos a la cabeza* | **G.** *retorce-las mans de desesperación; leva-las mans á cabeza* | **A.** *(verzweifelt) die Hände ringen; die Hände über dem Kopf zusammenschlagen*

(27b) **F.** *trembler des mains* | **H.** *reszket a keze* | **E.** *temblarle las manos* | **G.** *tremarlle as mans* | **A.** *seine Hände zittern*

(28) **F.** *faire un geste de résignation de la main* | **H.** *(lemondóan) legyint a kezével vmire* | **E.** *hacer un gesto de resignación con la mano* | **G.** *facer un xesto de resignación coa man* | **A.** *resigniert mit der Hand abwinken*

(29) **F.** *se froter les mains (de contentement)* | **H.** *(elégedetten) dörzsöli a kezét* | **E.** *frotarse las manos (de satisfacción)* | **G.** *frega-las mans (de satisfacción)* | **A.** *sich die Hände reiben*

(30) **F.** *écarter les mains (en signe d'impuissance)* | **H.** *(tehetetlenül) szétárja a kezét* | **E.** *abrir las manos (en señal de impotencia)* | **G.** *abri-las mans (en sinal de impotencia)* | **A.** *seine Hände zum Zeichen der Hilflosigkeit/Ohnmacht ausbreiten*

(31a) **F.** *menacer qqn de la main* | **H.** *kézzeel megfenyeget vkit* | **E.** *amenazar a alguien con la mano* | **G.** *ameazar alguén coa man* | **A.** *jmdn. mit der Hand (be)doren*

(31b) **F.** *Haut les mains! Les mains en l'air!* | **H.** *Fel a kezekkel!* | **E.** *¡Manos arriba!* | **G.** *¡Mans arriba!* | **A.** *Hände hoch!*

<sup>21</sup> En húngaro e en alemán os namorados levan o namorado na palma (*tenyerén hord vkit*) ou sobre a man (*jmdn. aufHänden tragen*).

(31c) **F.** lever la main sur qqn | **H.** kezet emel vkire<sup>22</sup> | **E.** alzar/asentar/levantar/meter/sentar la mano a alguien; descargar la mano sobre alguien; poner la mano encima a/de alguien | **G.** levantarlle/poñerlle a man (enriba)<sup>23</sup> / sentarlle/asentarlle a man a alguén | **A.** Hand an jmdn. legen; die Hand gegen jmdn. Erheben

(32) **F.** joindre les mains (d'étonnement) | **H.** összecsapja a kezét (a meglepetéstől) | **E.** juntar las manos (de asombro) | **G.** xunta-las mans (de asombro)<sup>24</sup> | **A.** die Hände zusammenschlagen (vor Entsetzung); die Hände überm / über dem Kopf zusammenschlagen

(33) **F.** baiser la main / les mains à qqn (vieilli) | **H.** kezet csókol vkinek<sup>25</sup> | **E.** besar la mano a alguien | **G.** bicarlle a man a alguén | **A.** jmdm. die Hand küssen / einen Handkuss geben

(34) **F.** Bas les pattes! | **H.** El a kezet/kezeket/kezekkel! | **E.** ¡Manos quietas! | **G.** ¡A man estea queda!<sup>26</sup> | **A.** Hände weg!

(35) **F.** joindre les mains pour prier | **H.** kezét imára kulcsolja | **E.** juntar las manos para rezar | **G.** xunta-las mans para rezar | **A.** die Hände zum Gebet falten

(36a) **F.** faire des pieds et des mains pour obtenir qqch. | **H.** kezét-lábát töri vmiért | **E.** {hacer grandes esfuerzos; hacer todo lo posible; no dejar piedra sin remover; remover Roma con Santiago} | **G.** dar unha man por unha cousa | **A.** {alle Hebel in Bewegung setzen; alle Register ziehen}

(36b) **F.** J'en mettrais ma main au feu.; J'en donnerais ma main à couper.; Je me couperais la main plutôt que de... | **H.** Tűzbe tenném érte a kezem.; Inkább levágatnám a kezem, minthogy... | **E.** Pondría la(s) mano(s) en el fuego por algo/alguien...; Me cortaría las manos por algo/alguien... | **G.** Portía a(s) man(s) no lume por algo/alguén...; Cortaría as mans por algo/alguén... | **A.** Dafür lege ich meine Hand ins Feuer.; Ich würde mir (lieber) dafür die Hand abhacken/abschlagen lassen als...

O emprego conxunto de mans e pés pode presentar casos de falsos amigos idiomáticos interesantes entre o francés e o húngaro. A locución (36a) *faire des pieds e des mains* significa en francés 'axitarse, empregar tódolos medios, mover ceo e terra', a expresión húngara, formalmente moi semellante, *kézzel-lábbal* {'coas mans e cos pés'} utilízase exclusivamente cos verbos *magyaráz* 'explicar', *tiltakozik* 'protestar' no sentido de 'con vehemencia, enerxicamente, ardentemente'. Por outra parte, a protesta enérxica

<sup>22</sup> As formas reflexivas que existen en húngaro e en alemán expresan o suicidio: **H.** kezet emel magára, önkezével vet véget életének | **A.** Hand an sich legen.

<sup>23</sup> Poñerlle a man a alguén en galego significa tamén 'tocalo ou tocala sexualmente': Antoniño, meu Antón, / falar e rir está ben, / poñerm 'a man, eso non.

<sup>24</sup> Para o asombro en galego dise *ficar leilán sen dar nin ó pé nin á man*.

<sup>25</sup> En húngaro, a locución significa no sentido figurado 'estar agradecido a alguén'.

<sup>26</sup> ¡A man estea queda, anque a lingua vaia e veña! ¡A lingua vaia e veña, as mans secas e quedas!

tamén se expresa en alemán con mans e pés (*sich mit Händen und Füßen gegen etw. sträuben/wehren*).

Coas mans tamén podemos expresar diferentes sentimentos. Nestes casos, segundo unha premisa natural, a man forma parte de verbos como *aloumiñar*, *abrazar*, *abrazarse* etc. As boas intencións da acción, o desexo de axudar, a reconciliación, a falta de severidade e a sorte son simbolizadas polas secuencias (37a, 37b, 37c, 37d), mentres que un grupo léxico concreto vehicula connotacións pexorativas como a violencia, a agresividade, a forza, a disimulación e a mala sorte (38a, 38b, 38c, 38d, 38e, 38f, 38g, 38h, 38i):

(37a) **F.** *se serrer la main* | **H.** *kezet fognak* | **E.** *estrecharse la mano* | **G.** *darlle a man un a outro* | **A.** *sich die Hand geben*

(37b) **F.** *tendre la main à qqn; la politique de la main tendue; avoir la main légère* | **H.** *kezet nyújt vkinek; kinyújtja a kezét vki felé; a kinyújtott kéz / a megbékélés politikája; gyenge kezű* | **E.** *alargar/dar/ofrecer/tender la mano a alguien; la política de la mano extendida; tener mano blanda; llevar la mano blanda/ligera* | **G.** *darlle a man; a política da man estendida; actuar coa man branda*<sup>27</sup> | **A.** *jmdm. die Hand reichen/bieten; jmdm. die Hand zur Versöhnung reichen; Politik der sanften Hand; {Versöhnungspolitik}; eine schwache/sanfte Hand haben*

(37c) **F.** *prêter/tendre une main secourable à qqn; prêter la main à qqn; prêter main-forte à qqn; donner un coup de main à qqn* | **H.** *segítő kezét nyújt vkinek; segédkezet nyújt vkinek; fogja/vezeti vkinek a kezét* | **E.** *echar/dar/prestar una mano a alguien* | **G.** *botarlle unha man a alguén* | **A.** *jmdm. hilfreiche Hand bieten; seine/die helfende Hand über jmdn halten; jmdm. an die Hand gehen*

(37d) **F.** *avoir la main heureuse* | **H.** *szerencsés keze van* | **E.** *tener buena mano* | **G.** *ter boa man*<sup>28</sup> | **A.** *eine glückliche Hand haben (bei/mit etw.)*

(38a) **F.** *main de fer* | **H.** *vaskéz; kemény kéz* | **E.** *mano de hierro; mano dura/fuerte* | **G.** *man de ferro; man dura* | **A.** *eine eiserne/harte/feste/starke Hand haben; mit eiserner/harter/fester/starker Hand*

(38b) **F.** *avoir la main lourde* | **H.** *vaskezű, keménykezű* | **E.** *tener mano de hierro; tener mano dura/fuerte* | **G.** *ter man de ferro; ter man dura* | **A.** *eine eiserne/harte/feste/starke Hand haben; mit eiserner/harter/fester/starker Hand zuschlagen/bestrafen*

(38c) **F.** *lever la main sur qqn* | **H.** *kezet emel vkire* | **E.** *alzar/asentar/levantar/meter/sentar la mano a alguien; descargar la mano sobre*

<sup>27</sup> En galego a *man lixeira* denomina a habilidade: *O amor que ha de ser meu / ten que te-la mau lixeira: / ha de colle-la rosiña / sen abala-la roseira. O que mate a labrandeira ten que te-la mau lixeira*. Pero tamén expresa a agresividade: *te-la man lixeira* significa ‘agredir con facilidade e por motivos de escasa importancia’.

<sup>28</sup> En galego significa tamén ‘transmitir boa sorte ós demais’.



*alguien; poner la mano encima a/de alguien* | **G.** *erguer/levantarlle a man a alguén; poñerlle a man enriba a alguén* | **A.** *Hand an jmdn. legen; die Hand gegen jmdn. erheben*

(38d) **F.** *à main armée*<sup>29</sup> | **H.** *fegyveres kézzel/erővel* | **E.** *a/con/de mano armada* | **G.** *a/de man armada* | **A.** *mit bewaffneter Hand*

(38e) **F.** *avoir la main leste/prompte* | **H.** *hirtelen kezű; hamar eljár vkinek a keze* | **E.** *ser suelto de manos; tener la mano larga* | **G.** *te-la man lixeira* | **A.** *eine lose/lockere Hand haben*

(38f) **F.** *étrangler qqn de/avec ses mains* | **H.** *kézzel megfojt vkit* | **E.** *estrangular/ahogar con la mano* | **G.** *aganar alguén coas mans* | **A.** *jmdn. mit der Hand erwürgen*

(38g) **F.** *rougir ses mains de sang; tremper ses mains dans le sang* | **H.** *vérrel szennyezi be a kezét* | **E.** *ensangrentarse las manos* | **G.** *manchar de sangue as mans* | **A.** *seine Hände mit Blut beflecken/besudeln*

(38h) **F.** *en sous main* | **H.** *kéz alatt; titokban* | **E.** *bajo mano; (por) debajo de mano* | **G.** *baixomán; por debaixo da man (adv) / baixamán (subst)* | **A.** *hinter vorgehaltener Hand*

(38i) **F.** *avoir la main malheureuse* | **H.** *nincs szerencsés keze* | **E.** *tener mala mano* | **G.** *ter mala man* | **A.** *eine unglückliche Hand haben*

A man pechada, é dicir, o puño evoca, sobre todo, connotacións negativas como a ameaza, a agresividade, a loita, os golpes, a represalia, a vinganza (39a, 39b, 39c, 39d, 39e, 39f, 39g)<sup>30</sup>:

(39a) **F.** *échange de coups de poings* | **H.** *ökölharc* | **E.** *intercambio de puñetazos* | **G.** *unha man de sopapos*<sup>31</sup> | **A.** *Faustkampf*

(39b) **F.** *droit du poing (vieilli)* | **H.** *ököljog* | **E.** *ley del puño* | **G.**<sup>32</sup> | **A.** *Faustrecht*

(39c) **F.** *donner/asséner un coup de poing à qqn* | **H.** *ökölcsapást mér vkire* | **E.** *dar un puñetazo a alguén* | **G.** *dar un sopapo* | **A.** *jmdm. einen Faustschlag versetzen*

<sup>29</sup> Cf. a locución latina *manu militari* ‘con forza armada’.

<sup>30</sup> En galego, en cambio, designa tamaño grande aplicado a cereixas, mazás, pesares, verdades e mentiras *coma puños*. En cambio, *meter a alguén nun puño* é dominialo.

<sup>31</sup> En galego non hai esa loc. subst.; dise *levar/dar/haber unha man de sopapos/paus*. Aínda que o *sopapo* é o que se dá coa man e a *puñada* a que se dá co puño, dise *dar un sopapo* ou *dar un pau*. Non se fala dos puños: parece que no séc. XVIII se dicía *andar a puñadas*; pero hoxe dise *andar a paus/sopapos* sen especificar cal é a posición da man no momento de golpear.

<sup>32</sup> En galego non se di \**lei do puño* senón *lei do máis forte* ou *lei do funil*.

(39d) **F.** *montrer le poing à qqn* | **H.** *öklét rázza vki felé; öklével fenyeget vkit* | **E.** *amenazar a alguien a puño cerrado* | **G.** *ameazar alguén co puño* | **A.** *jmdn. mit der Faust drohen; jmdm. die Faust zeigen*

(39e) **F.** *serrer les poings* | **H.** *ökölbe szorítja a kezét* | **E.** *apretarse los puños* | **G.** *aperta-los puños* | **A.** *die Fäuste ballen; die Hand zur Faust ballen; die Faust/Hand ballen*

(39f) **F.** *en venir aux mains<sup>33</sup> avec qqn* | **H.** *öltre/ökölre megy vkivel* | **E.** *venir/llegar a las manos; irse a las manos* | **G.** *chegar ás mans con alguén* | **A.** *(miteinander) handgemein werden; gegen jmdn. handgreiflich werden*

(39g) **F.** *la main démange à qqn* | **H.** *viszket a tenyere<sup>34</sup> vkinek* | **E.** *las manos se le calientan; se le va la mano* | **G.** *írselle a man a alguén / te-la man moi levantada/lixeira* | **A.** *jmdm. rutscht die Hand aus; jmds. Hand rutscht aus; jmdm. zuckt es in der Hand*

O contacto do home co mundo exterior tamén se espella nas secuencias nas que a man se fixa como medio importante do proceso do coñecemento, da cognición (40a, 40b, 40c, 40d):

(40a) **F.** *toucher/tâter qqch. de la main* | **H.** *kézzeel megérint/megtapogat vmit* | **E.** *tocar con la mano algo* | **G.** *tocar coa man algo; coñecer algo coma os dedos da man* | **A.** *etw. mit der Hand berühren/betasten*

(40b) **F.** *prendre qqch. en main(s)* | **H.** *kézbe/kezébe vesz vmit* | **E.** *coger algo en la mano* | **G.** *coller algo na man* | **A.** *etw. in die Hand nehmen*

(40c) **F.** *être bien en main* [instrument] | **H.** *[tárgy] jól kézre áll* | **E.** {literalmente: se adapta a la mano [instrumento]} | **G.** {literalmente: cantarlle na man algo a alguén [instrumento]} | **A.** *etw. liegt gut in der Hand; handgerecht/handlich sein* [Gegenstand]

(40d) **F.** *avoir des mains baladeuses* (fam.) | **H.** {szeret tapizni (fam.)} | **E.** *tener las manos largas; ser largo de manos; meter mano* (vulg.) | **G.** *poñerlle a man a alguén* | **A.** [von Männern gesagt] *Hände haben, die sich ab und zu verirren; {gerne fummeln}*

Naturalmente podemos partir do feito de que a función cognitiva da man humana está intimamente ligada ó tacto. A expresión *toucher/palper/tâter de la main* (**H.** *kézzeel megfog/megtapint* | **E.** *tocar/palpar/tentar con la mano* | **G.** *tocar/apalpar/tentear coa man<sup>35</sup>* | **A.** *mit der Hand berühren/betasten/befühlen*) significa, literalmente, ‘sentir, examinar tocando, tenteando coa man’ cousa que equivale a dicir ‘facer un acto de

<sup>33</sup> Nas outras linguas, agás no húngaro, o *puño* reemprázase coa *man*.

<sup>34</sup> O húngaro utiliza aquí a cunca da man (*tenyér*).

<sup>35</sup> En galego *pór man en algo / no conto* é ‘intervir nun asunto’; *poñerlle a man a alguén* é ‘agredilo’ ou ‘tocalo sexualmente’.

cognición'. Os lexemas *palpable*, *tangible* (**H.** *tapintható*, *kézzelfogható* | **E.** *palpable*, *tangible* | **G.** *palpable*, *tanxible* | **A.** *mit Händen zu greifen sein*; *handgreiflich*) tamén fan referencia a este acto de cognición<sup>36</sup>. Tocará, unha das funcións básicas da man, fai o mundo máis seguro, máis verdadeiro, máis próximo ó home, e isto explica as expresións seguintes (41a, 41b, 41c):

(41a) **F.** *tenir une information de première main* | **H.** *első kézből tud egy információt* | **E.** *obtener una información de primera mano* | **G.** *conseguir unha información de primeira man*<sup>37</sup> | **A.** *eine Nachricht aus erster Hand haben*

(41b) **F.** *être en de bonnes mains* | **H.** *jó kezekben van vki/vmi* | **E.** *estar en buenas manos* | **G.** *estar en boas mans* | **A.** *in guten Händen sein*

(41c) **F.** *jurer qqch. la main sur le cœur* | **H.** *szívére teszi a kezét; szívére tett kézzel esküszik* | **E.** *jurar algo con la mano en el pecho* | **G.** *poñe-la man no lume por algo*<sup>38</sup> | **A.** *Hand aufs Herz!*<sup>39</sup>

A connotación 'seguro', 'evidente' → 'franco, sincero' actívase coa cunca da man, a palma na locución húngara *tenyerén hordja a szívé*t {literalmente: leva-lo corazón na cunca da man} 'ser franco, falar con franqueza'<sup>40</sup> (cf. español *con la mano en el corazón*). Poida que unha antiga pegada lingüística ou cultural se atope detrás desta connotación pola que a cunca da man vehicula a idea da conxición, da previsión, da explicación dos misterios e dos enigmas. Este tipo de connotacións atópase nos lexemas e frasemas seguintes: **H.** *tenyerjós*lás; *tenyerjós*; *tenyerből jósol*; *tenyerünkben a jövő*; *ismer vmit, mint a tenyerét* | **F.** *chiromancie*; *chiromancien*; *faire de la chiromancie*, *lire dans les lignes de la main*; *l'avenir est entre nos mains*; {*connaître qqch. comme sa poche*} | **E.** *quiromancia*; *quiromántico*; *hacer quiromancia*, *leer en la mano*; *el futuro está en nuestras manos*; *conocer algo como a sus manos / como a la palma de la mano* | **G.** *quiromancia*; *quiromántico*; *facen quiromancia*, *le-la man*; *o futuro está nas nosas mans*; *coñecer algo coma os dedos da man / coma a palma da man* | **A.** *Handlekunst*; *Handleser*; *jmdm. aus der Hand lesen*; *die Zukunft ist in unserer Hand*; {*etw. kennen wie seine Westentasche*}<sup>41</sup>.

A función cognitiva da man tamén se expresa na categorización espacial. A distancia (pequena ou grande), a categorización dos obxectos segundo a distancia que os separa (preto ou lonxe, aquí ou alá) amosa de xeito evidente un enfoque antropológico

<sup>36</sup> Cf. tamén o frasema alemán *klar auf der Hand liegen* 'ser evidente'.

<sup>37</sup> En galego *primeira man* é tamén o primeiro reparto de cartas no xogo da baralla.

<sup>38</sup> En galego non se usa *poñe-la man no peito* como xesto de reafirmación. En Galicia, cando se canta o himno galego, a ninguén lle pasa pola cabeza *poñe-la man no peito*.

<sup>39</sup> Utilizada en alemán maiormente en forma de inxunción no sentido de 'di/dicida a verdade'.

<sup>40</sup> Contrariamente ó francés no que a expresión formalmente parecida *avoir le cœur sur la main* significa 'ser xeneroso'.

<sup>41</sup> Obsérvese que en francés e en alemán as comparacións equivalentes mobilizan o lexema *poche* en vez do lexema *main*.

determinado polo radio de acción da man (42a, 42b). A man tamén nos axuda na orientación espacial (43).

(42a) **F.** *être à portée de la main* | **H.** *kéznel/kéznyújtásra van vmi* | **E.** *haber/tener algo a mano / al alcance (de la mano)* | **G.** *haber/ter algo á man* | **A.** *etw. bei der / zur Hand haben; zur Hand sein; {griffbereit sein; in Reichweite sein}*

(42b) **F.** *avoir qqch. sous la main; avoir qqch. à portée de main* | **H.** *vkinek a keze ügyében van vmi* | **E.** *tener a mano algo* | **G.** *ter á man algo* | **A.** *etw. bei der Hand haben; {etw. griffbereit haben}*

(43) **F.** *à main droite/gauche* | **H.** *jobb/bal kéz felől* | **E.** *a mano derecha/izquierda* | **G.** *á man dereita/esquerda* | **A.** *zur rechten/linken Hand*

### 2.3.3. A man, símbolo dos actos coordinados do traballo.

A partir de agora imos pasar revista ó dominio cognitivo relativo á conceptualización da man como ferramenta de traballo. Como símbolo do traballo, a man evoca en xeral connotacións positivas. Estas connotacións mobilizan o valor semántico do traballo que pon o acento na utilidade, na profesionalidade, na habilidade manual ou no estilo e na maneira persoal de actuar no traballo (44a, 44b, 44c, 44d, 44e, 44f, 44g, 44h, 44i). O húngaro tamén emprega o lexema *man* para cualificar alguén que vive honestamente do seu traballo manual (45), que traballa con rapidez e eficacia (46) ou alguén que fai o seu traballo sempre ben e de maneira rendible (47):

(44a) **F.** *des mains agiles/diligentes/travaillleuses* | **H.** *dolgos/serény/munkás kezek* | **E.** *manos trabadoras/laboriosas* | **G.** *mans áxiles/dilixentes/traballadoras* | **A.** *geschickte/flinke/fleißige Hände*

(44b) **F.** *une belle main* ‘une belle écriture’ | **H.** *szép kézírás* | **E.** *{tener buena letra}* | **G.** *con boa man* ‘con esmero, perfección, habilidade’ | **A.** *{eine schöne Handschrift haben}*

(44c) **F.** *travail manuel; travailler de ses mains* | **H.** *kétkezi munka; kétkezi munkát végez* | **E.** *mano de obra; ser trabajador manual* | **G.** *traballo manual; ser traballador manual* | **A.** *{körperliche Arbeit; körperliche Arbeit leisten}*

(44d) **F.** *être agile/adroit de ses mains; avoir la main* | **H.** *vkinek ügyes keze van; vkinek jó a kezügyessége* | **E.** *tener buena(s) mano(s); darse buena mano en algo; tener muchas manos* | **G.** *ter boa(s) man(s); darse boa mano en algo; a man, de man* {primeira entrega do xogo de cartas} | **A.** *ein Händchen haben für etw.; geschickt mit den Händen sein; {fingerfertig sein}*

(44e) **F.** *avoir des mains en or* | **H.** *arany keze van; meg kellene aranyozni vkinek a kezét* | **E.** *tener manos de oro; tener buena mano* | **G.** *dárselle na man algo a alguén; darse boa man para algo* | **A.** *{sehr geschickte Hände haben}*

(44f) **F.** *travail fait de main de maître / travail fait du cousu main* | **H.** *mesteri kézzel végzett munka* | **E.** *con/de mano maestra; trabajo cosido a mano* | **G.** *con boa man; cosido á man* | **A.** *eine Arbeit / ein Kunstwerk von Meisterhand*

(44g) **F.** *travail fait à la main* | **H.** *kézi munka* | **E.** *trabajo hecho a mano* | **G.** *trabalho feito á man* | **A.** {Handarbeit; handgemacht}

(44h) **F.** *reconnaître/retrouver la main/patte de qqn dans qqch. (fam.)* | **H.** *vkinek a keze nyomára ismer vmiben; megismeri vkinek a keze vonását; vkinek a kezét látja vmiben* | **E.** *se nota la mano de alguien en algo* | **G.** *verse a man de alguén en algo* | **A.** *die Handschrift von jmdm. bei etw. erkennen*

(44i) **F.** *mettre la main à la pâte; préparer qqch. de sa blanche main* | **H.** *saját kezűleg végez el vmit* | **E.** *hacer algo de su(s) propia(s) mano(s); poner las manos en la masa; meter las manos en algo; meter mano a algo; poner mano en algo*<sup>42</sup> | **G.** *ter/meter man en algo; poñer man no conto; andar coa man na masa; mete-la man na masa* | **A.** *selbst mit Hand anlegen; Hand ans Werk legen*

(45) **H.** *két keze munkájából él* | **F.** {vivre du travail de ses deux mains}; *travailler de ses mains* | **E.** *trabajar con las manos; vivir de sus manos* | **G.** *traballar coas mans; vivir das súas mans* | **A.** *von seiner Hände Arbeit leben*

(46) **H.** *ég a keze alatt a munka* | **F.** {aller vite en besogne} | **E.** *menear las manos; {trabajar pronta y ligeramente}* | **G.** {traballar con rapidez} | **A.** *die Hände regen/rühren; Die Arbeit geht ihm flott von der Hand*<sup>43</sup>

(47) **H.** *minden arannyá válik a kezében* | **F.** {tout se transforme en or dans sa main} | **E.** {todo se convierte en oro en su mano} | **G.** {na man del todo se volve ouro} | **A.** {alles wird zu Gold in seiner Hand}

### 2.3.4. A man, símbolo do castigo

A man tamén se conceptualiza como símbolo do castigo divino ou humano (48a, 48b, 48c, 48d):

(48a) **F.** *lever/porter la main sur qqn* | **H.** *kezet emel vkire* | **E.** *alzar/asentar/levantar/meter/sentar la mano a alguien; descargar la mano sobre alguien; poner la mano encima a/de alguien* | **G.** *erguerlle a man / poñerlle a man enriba /cargarlle a man a alguén* | **A.** *Hand an jmdn. legen; die Hand gegen jmdn. erheben; Hand an jmdn. legen*

<sup>42</sup> Cf. tamén as expresións españolas ¡Manos a la labor!, ¡Manos a la obra! ‘expresións que se usan para animar a emprender ou continuar un traballo’.

<sup>43</sup> O húngaro e o alemán posúen tamén proverbios co lexema *man* para dicir que varias persoas deben acabar un traballo con máis rapidez (**H.** *Sok kéz hamar kész.* | **A.** *Viele Hände machen der Arbeit schnell ein Ende.*). Para indicar que se comenza un traballo con enerxía e sen dúbidas, cúspese en alemán nas mans (*in die Hände spucken*) e en húngaro na palma (*megköpi a tenyerét; tenyerébe köp*). O xesto é propio do inicio de todo traballo agrícola, porque impide que a man escorregue no mango do sacho, da machada, da serra ou na corda.

(48b) **F.** *la main de la justice s'abat sur qqn* | **H.** *utolér az igazságszolgáltatás keze vkit; a törvény keze lesújt vkire* | **E.** *la mano / el brazo de la justicia cae sobre alguien; {hacer caer sobre alguien el peso de la justicia}* | **G.** *caer nas mans da xustiza; librarse da man da xustiza* | **A.** *vom Arm des Gesetzes erfasst werden; dem Arm des Gesetzes unterliegen/unterworfen sein.*

(48c) **F.** *la main de la vengeance* | **H.** *bosszúálló kéz* | **E.** *mano vengadora/vengativa* | **G.** *tomalas pola man (vingarse un mesmo sen acudir ás instancias legais)* | **A.** *die rächende Hand*

(48d) **H.** *kesztyűs kézzel bánik vkivel* {littéralement: traiter qqn avec des mains gantées} | **F.** {prendre des gants avec qqn} | **E.** *tratar a alguien con mano blanda* | **G.** *tratar alguén con man branda* | **A.** *jmdn. wie mit Handschuhen anfassen*

### 2.3.5. A man, símbolo do home como tal

A man pódese conceptualizar por metonimia como símbolo do ser humano propiamente dito e funciona desta maneira, en moitos casos, como sinónimo do lexema 'home'. A man significa, nese caso, o axente, o ser que actúa e que é responsable dos seus actos e pode simbolizar, por exemplo, o verdugo (49), os malfeitores que fan actua-los outros (50) ou unha persoa moi autoritaria (51):

(49) **F.** *la main du bourreau* | **H.** *hóhérkéz* | **E.** *la mano del verdugo* | **G.** *a man do verdugo* | **A.** *die Hand des Henkers*

(50) **F.** *des mains invisibles* | **H.** *láthatatlan kezek* | **E.** *manos invisibles* | **G.** *man negra/escondida* | **A.** *die unsichtbare Hand*

(51) **F.** *une main de fer*<sup>44</sup> | **H.** *vaskezü/keménykezű (személy)* | **E.** *mano de hierro; mano dura/fuerte* | **G.** *man de ferro; man dura* | **A.** *eine harte Hand; eine eiserne/feste/starke Hand haben; mit eiserner/fester/starker Hand*

A métafora da man moitas veces expresa trazos do carácter humano. A influencia, o poder (13e), a xenerosidade (21b), a habelencia manual, o xeito no traballo, o tacto ou o estilo, a maneira persoal de actuar no traballo de alguén (44a, 44b, 44d, 44e, 44f, 44h) xa se evocaron arriba. Pero engadimos agora o carácter de ladrón (52) e a torpeza (53a, 53b):

(52) **H.** *enyves keze van vkinek; enyveskezű* {literalmente: te-las mans pegacentas} | **F.** *avoir la main chapeardeuse* | **E.** *ser largo/listo de manos; tener mano larga/lista* | **G.** *botarlle a man a algo; meterlle a man a algo* | **A.** *klebrige Hände haben; {ein Langfinger sein}*

---

<sup>44</sup> Lembrémo-la locución proverbial francesa *Une main de fer dans un gant de velours* (**E.** *mano de hierro en guante de seda*): o equivalente semántico húngaro *Báránybőrbe bújt farkas* non contén o lexema *man* e mobiliza nomes de animais {literalmente: un lobo vestido con pel de año}. A imaxe húngara procede do evanxeo de Mateo 7,15: *Gardádevos dos falsos profetas que veñen onda vós vestidos de ovelas pero no fondo non son máis ca lobos rapineiros.*

(53a) **F.** *avoir deux mains gauches; être maladroit de ses mains* | **H.** *két bal keze van; kétbalkezes* | **E.** *tener mala mano; ser mano de cazo* | **G.** *ter unha man que ben a podía comer un porco* | **A.** *zwei linke Hände haben*

(53b) **F.** *avoir des mains de beurre* (vieilli) ‘laisser tout échapper et tomber’<sup>45</sup>; *qqch. glisse des mains à qqn* | **H.** *lyukas vkinek a keze; kicsúszik vkinek a kezéből vmi* | **E.** *tener manos de mantequilla; irse algo a alguien de la manos* | **G.** *irselle da man unha cousa a alguén* | **A.** {*ungeschickte Hände haben; alles aus den Händen fallen lassen*}

A man dereita e a man esquerda teñen, tamén, fortes connotacións en moitas sociedades. A man dereita –*la belle main* (**H.** *a szebbik kéz* | **A.** *die schöne Hand*) na lingua coloquial–, coa variante *bras* en francés e *brazo* en español, moi valorada, simboliza algo positivo (54) mentres que a man esquerda se colma de connotacións negativas<sup>46</sup>, como a torpeza, a incapacidade (53a) ou o matrimonio ilegal, morganático (55):

[...] *à la main droite vont les honneurs, les désignations flatteuses, les prérogatives; elle agit, elle ordonne, elle prend. La main gauche est méprisée et réduite au rôle d’humble auxiliaire... Notre expression ‘Un enfant de la main gauche’ est significative à cet égard!* (Poirier: 1968: 827).

(54) **F.** *être le bras droit de qqn* | **H.** *vkinek a jobb keze* | **E.** *ser la mano derecha/diestra de alguien; ser el brazo derecho de alguien* | **G.** *se-la man dereita de alguén; se-lo brazo dereito de alguén* | **A.** *jmds. rechte Hand (sein)*

(55) **F.** *mariage de la main gauche* (vieilli) | **H.** *bal kézről kötött házasság* | **E.** {*matrimonio fuera de la iglesia*} | **G.** {*casamento por tras da silveira/porta*} | **A.** *eine Ehe zur linken Hand*

A metáfora da man tamén pode caracteriza-lo home positivamente ou negativamente desde o punto de vista ético ou moral. Pódese tratar de alguén que ten un comportamento irreprochable (56a, 56b) ou, pola contra, unha actitude, un acto condenable (57a, 57b, 57c) ou incluso de alguén que intenta botar fóra toda a responsabilidade e presentarse como inocente (58a, 58b):

(56a) **F.** *avoir les mains propres* | **H.** *tiszta a keze; tisztakezű* | **E.** *ser/estar limpio de manos; tener manos limpias* | **G.** *te-las mans limpas* | **A.** *reine/saubere Hände haben; {eine reine Weste haben}*

<sup>45</sup> No Canadá: *avoir des mains de laine* (ter mans de la).

<sup>46</sup> Repárese en que, contra o que acontece en francés e en húngaro, segundo a *Real Academia Española. Diccionario de la lengua española* o frasema *mano izquierda* pode ter en español unha significación positiva (‘habilidad o astucia para manejarse o resolver situaciones difíciles’) exactamente igual que na locución alemá *mit der linken Hand* ‘nebenher, ohne große Mühe’ = ‘facilmente, sen gran dificultade’ [Duden 1992:305].

(56b) **F.** *opération/politique des mains propres* | **H.** *tiszta kéz politikája* | **E.** *operación/política de manos limpias* | **G.** *operación/política de mans limpas* | **A.** *Operation/Politik der sauberen Hände*

(57a) **F.** *se salir les mains* | **H.** *bemocskolja/bepiszkítja/beszennyezi a kezét* | **E.** *ensuciar(se) las manos* | **G.** *emporca-las mans* | **A.** *sich die Hände schmutzig machen*

(57b) **F.** *avoir les mains sales*<sup>47</sup> | **H.** *piszkos/szennyes a keze* | **E.** *tener las manos manchadas/sucias* | **G.** *te-las mans porcas* | **A.** *schmutzige Hände haben*

(57c) **F.** *avoir du sang sur les mains* (litt.) | **H.** *vér tapad a kezéhez; véreskezű; kezét vérrel mocskolja/szennyezi be* | **E.** *tener las manos manchadas de sangre* | **G.** *te-las mans manchadas de sangue* | **A.** *an jmds. Händen klebt Blut*

(58a) **F.** *se laver les mains (de qqch.)* | **H.** *mossa kezeit (vmi miatt)* | **E.** *lavarse las manos (como Pilatos)* | **G.** *lava-las mans (como Pilatos)* | **A.** *seine Hände in Unschuld waschen*

(58b) **F.** *Une main lave l'autre.* | **H.** *Kéz kezét mos.* | **E.** *Una mano lava la otra.* | **G.** *Unha man lava a outra.* | **A.** *Eine Hand wäscht die andere.*

Cómpre salientar que en húngaro a responsabilidade moral exprésase con palabras e sintagmas que conteñen o lexema *man* que, sendo primordial, indispensable na vida do home, simboliza a garantía, o aval (59):

(59) **H.** *kezeskedik vkiért; kezességet vállal vkiért* | **F.** {*se porter garant pour qqn; cautionner qqn*} | **E.** {*dar un aval por alguien; avalar/caucionar a alguien*} | **G.** *botarlle unha man a alguén* {*avalara alguén*} | **A.** {*für jmdn. Bürgschaft leisten/übernehmen; für jmdn. bürgen*}

A man tamén pode simboliza-la obra, o destino, a sorte (60a, 60b):

(60a) **F.** *la main de Dieu*<sup>48</sup> | **H.** *Isten keze* | **E.** *mano divina; mano de Dios* | **G.** *man de Deus* | **A.** *die Hand Gotees*

(60b) **F.** *la main du destin; reconnaître en un événement la main du destin* | **H.** *a sors keze; a sors kezét fedezi fel egy eseményben* | **E.** *la mano del destino; reconocer en un evento la mano del destino* | **G.** *a man do destino; recoñecer nun evento a man do destino* | **A.** *die Hand des Schicksals; bei einem Ereignis die Hand des Schicksals erkennen*

A *main de Dieu* asóciase tamén a nocións como bondade, seguranza, confianza (61a, 61b):

<sup>47</sup> Cf. tamén a obra titulada *Les Mains sales* do escritor-filósofo francés J. P. Sartre.

<sup>48</sup> *La Main de Dieu* (en español: *Mano de Dios*) designa en fútbol o gol inválido marcado coa man por Maradona contra Inglaterra en cuartos de final da Copa do Mundo 1986. A validación dese gol afortunado permitiulles ós arxentinos pasar á ronda seguinte e despois á final e conquistar deste xeito a súa segunda copa do mundo.



(61a) **F.** *être entre les mains de Dieu* | **H.** *Isten kezében van* | **E.** *estar en las manos de Dios / de la divina Providencia* | **G.** *estar nas mans de Deus / da divina Providencia* | **A.** *in Gottes Hand sein*

(61b) **F.** *(re)mettre qqch. entre les mains de Dieu* | **H.** *Isten kezébe ajánl vmit* | **E.** *poner algo en las manos de Dios / de la divina Providencia* | **G.** *poñer algo nas mans de Deus / da divina Providencia* | **A.** *etw. in Gottes Hand legen/geben*

Como o demostran os exemplos que citamos arriba, a *man* posúe un valor extraordinario no noso modelo lingüístico e comportamental. A consecuencia, polo tanto, é que a perda da man identifícase coa mala sorte, séntese comaun castigo severo que se traduce, evidentemente, tamén nas expresións e nos enunciados (62a, 62b, 62c):

(62a) **F.** *Pauvre homme! Il a perdu ses mains dans un accident.* | **H.** *Szerencsétlen ember! Mindkét kezét elveszítette egy balesetben.* | **E.** *¡Pobre hombre! Perdió sus manos en un accidente.* | **G.** *¡Coitado! Perdeu as mans nun accidente.* | **A.** *Armer Kerl! Er hat beide Hände bei einem Unfall verloren.*

(62b) **F.** *être handicapé de la main droite* | **H.** *jobb kezére nyomorék* | **E.** *estar imposibilitado de la mano derecha* | **G.** *estar eivado da man dereita* | **A.** *an der rechten Hand behindert sein*

(62c) **H.** *Száradjon le a keze!* {literalmente: Que lle quede seca a man!} | **F.** {*Qu'il soit maudit!*} | **E.** {*¡Maldito sea! ¡Mal haya!*} | **G.**<sup>49</sup> | **A.** {*Verflucht soll er sein!*}

### 2.3.6. A man, constituínte de símbolo específico da lingua francesa

Máis aló das marcas semánticas centrais, arquetípicas do lexema francés *main* que activan as tres categorías naturais e fundamentais presentadas arriba, aínda existen algúns dominios cognitivos un pouco máis particulares. Están conceptualizados nas vinte e tres secuencias lingüísticas francesas (63-65) nas que o emprego do lexema *main* é moi representativo.

(63a) **F.** *mettre la dernière main à un travail* | **H.** {*elvégti az utolsó simításokat egy munkán* [literalmente: darlle os últimos retoques a un traballo]} | **E.** *dar la última mano a algo* | **G.** *darlle a última man a algo* | **A.** *die letzte Hand an etw. legen*

(63b) **F.** *prendre son courage à deux mains* | **H.** {*összeszedi minden bátorságát* [literalmente: recoller toda a súa valentía]} | **E.** {*sacar fuerzas de flaqueza; hacer de tripas corazón; tomar ánimo*} | **G.** {*facer de tripas corazón; tomar ánimo*} | **A.** *sein Herz in die Hand / in beide Hände nehmen*

<sup>49</sup> En galego hai maldicións que se refiren a partes do corpo como *¡Así seque a túa lingua!*, *¡Así lle caían/rebenten os ollos!*, *¡Así che saquen os ollos cun compás!*, *¡Aínda che partan as pernas!*, *¡Aínda permita \*Dios que veña unha centella e te divida!*; pero que usen a *man*, non.

(63c) **F.** *tendre la main* ‘mendier’ | **H.** {koldul, kéreget [literalmente: mendigar]} | **E.** *alargar/extender/tender la mano* | **G.** *estende-la man á caridade* | **A.** {vom Betteln leben}

(63d) **F.** *avoir/faire la main; être à la main* | **H.** {kártyában oszt [literalmente: distribuír/dar cartas]} | **E.** *estar de mano; ser mano* | **G.** *te-la man; ser man*<sup>50</sup> | **A.** {die Karten geben}

(64a) **F.** *avoir un poil dans la main* | **H.** {*nem fűlik a foga a munkához* [literalmente: os dentes non os ten quentes de traballar]} | **E.** {*no mover ni un dedo*} | **G.** {*ser gando da perna rachada*<sup>51</sup>; *face-la mancospia*<sup>52</sup>} | **A.** {träge bei der Arbeit sein; stinkfaul sein; *keinen Finger krumm machen*}

(64b) **F.** *en un tour de main* | **H.** {*egy szempillantás alatt* [literalmente: nun chiscar de ellos]} | **E.** {*en un abrir y cerrar de ojos; en un periquete*}; [en las compras y ventas] *de una mano a otra* | **G.** *nun virar da man; na volta dunha man; nunha volta de man; da man para o pé; do pé para a man* | **A.** *im Handumdrehen; ehe man die Hand umdreht*

(64c) **F.** *ne pas y aller de main morte* | **H.** {*nem szívbajos* [literalmente: non estar mal do corazón]} | **E.** {*no andarse con chiquitas; no ponerse guantes*}; *irsele a alguien la mano en algo* | **G.** *te-la man lixeira* | **A.** {*sich tüchtig ins Zeug legen*}

(64d) **F.** *être nu comme la main* | **H.** {*csupasz, mint a tenyerem* [literalmente: nu coma palma da man]} | **E.** {*estar en cueros (vivos); estar como vino al mundo*} | **G.** {*estar en coiro; estar como súa nai o pariu* (fam.)} | **A.** {*barfuß bis zum Hals sein* (fam.)}

(64e) **F.** *mettre la main au collet de qqn* | **H.** {*nyakon/fülön csíp vkit* [literalmente: pillar alguén polo pescozo / pola orella]} | **E.** {*agarrar a alguien del/por el cuello*} | **G.** *botarlle a man ó pescozo a alguén* | **A.** *Hand an jmdn. legen*

(65a) **F.** *de longue main* | **H.** {*ősidők óta* [literalmente: desde os tempos antigos]} | **E.** {*desde tiempos inmemoriales*} | **G.** *desde hai unha man de anos; desde hai unha mancha de anos* [littéralement: depuis beaucoup d’années] | **A.** *von langer Hand (vorbereiten)*

(65b) **F.** *clés en main* | **H.** {*kulcsrakész* [literalmente: listo para a chave]} | **E.** *llave en mano* | **G.** *chave na man* | **A.** {*schlüsselfertig*}

<sup>50</sup> *Data de man* é a primeira ronda do xogo. *Levar/ter/vir de man* no xogo de cartas é recibir unha determinada carta na primeira entrega.

<sup>51</sup> As vacas, animais biungulados, son denominados *gando da perna rachada* e esa metáfora designa tamén a xente preguiceira, que en todo avanza con extrema lentitude. Naturalmente, nestes animais, o pelo cobre a man enteira con excepción das uñas.

<sup>52</sup> *Face-la mancospia* era ‘cuspir na man antes de empezar un traballo ou durante o traballo, como fan os labregos para que non lles escorregue da man o mango da sacha ou machada’. Esta locución evolucionou semanticamente ata significar ‘facer unha reverencia a xeito de saúde ó entrar nun local no que hai xente’ e finalmente ‘ter pouca dilixencia no traballo’.

(65c) **F.** *homme de main* | **H.** {*fogdmeg* [literalmente: cólleo]} | **E.** {alguacil, agarrador} | **G.** {*home que (alguén) ten de man; ter de man alguén para todo*<sup>53</sup>} | **A.** {*Handlanger*}

(65d) **F.** *homme à toutes mains* | **H.** {faktótum; minden munkára kapható ember [literalmente: home capaz de calquera cousa]} | **E.** {*chico para todo*} | **G.** {*milmañas {ter man para todo*<sup>54</sup>; *dárselle todo na man a alguén*} | **A.** {*ein Faktotum; ein Hansdampf in allen Gassen*}

(65e) **F.** *prendre qqn la main dans le sac* | **H.** {*tetten ér vkit* [literalmente: coller alguén no feito, na acción]} | **E.** {*coger a alguien con las manos en la masa*} | **G.** {*coller alguén coas mans na masa*} | **A.** {*jmdn. auffrischer Tat ertappen*}

(65f) **F.** *perdre la main* | **H.** {*kijön a gyakorlatból* [literalmente: saír do exercicio]} | **E.** {*perder la práctica / el punto*} | **G.** {*perde-la man*<sup>55</sup>} | **A.** {*aus der Übung kommen*}

(65g) **F.** *se faire la main* | **H.** {*belejön a gyakorlatba* [literalmente: entrar no exercicio]} | **E.** {*soltar la mano en algo*} | **G.** {*adestrarse*<sup>56</sup>} | **A.** {*sich in etw. einüben*}

(65h) **F.** *forcer la main à qqn* | **H.** {*kényszerít vkit vmire* [literalmente: forzar alguén a algo]} | **E.** {*forzar la mano a alguien*} | **G.** {*ter na man alguén*<sup>57</sup>} | **A.** {*jmdm. seinen Willen aufzwingen*}

(65i) **F.** *avoir la main verte* | **H.** {*nagyon ért a növényekhez* [literalmente: coñecerse en plantas]} | **E.** {*entender de plantas*} | **G.** {*ter man coas plantas*} | **A.** {*eine grüne Hand haben*}

(65l) **F.** *passer la main* | **H.** {*átengedi az osztás jogát; → eláll vmitől* [literalmente: cede-lo dereito da muller nun xogo de cartas; → (fig.) renunciar a algo]} | **E.** {*pasar el testigo/relevo a alguien*} | **G.** {*pasa-la man a alguén*} | **A.** {*das Kartengeben einem anderen überlassen; → auf seinen Platz verzichten*}

(65m) **F.** *être chauve comme la main* | **H.** {*kopasz, mint a tök* [literalmente: calvo coma un calacú / cabaza]} | **E.** {*estar calvo como bola de billar*} | **G.** {*te-la cabeza coma un unto*} | **A.** {*glatzköpfig/kahlköpfig sein*}

(65n) **F.** *Le livre est en main.* | **H.** {*A könyv ki van kölcsönözve.* [literalmente: O libro está emprestado]} | **E.** {*El libro está prestado.*} | **G.** {*O libro está emprestado.*} | **A.** {*Das Buch ist ausgeliehen.*}

<sup>53</sup> Dispoñer dunha persoa especialmente capacitada para resolver un problema técnico.

<sup>54</sup> Do habilidoso dise que *para todo ten man*.

<sup>55</sup> En galego significa 'perde-los poderes (máxicos)' (*Se che di as palabras da espiñela despois ela perde a man*) ou 'perde-la iniciativa no xogo'.

<sup>56</sup> *Adestrarse* significa 'exercitarse, adquirir práctica e habilidade' e todo isto na tradición occidental vincúlase á man dereita (*dextra*).

<sup>57</sup> Expresa o resultado da acción de forzar a alguén.

(65ñ) F. *Rien dans les mains, rien dans les poches*. ‘formule du prestidigitateur par laquelle il attire l’attention sur l’absence d’accessoires qui seraient cachés dans le creux de la main ou de la poche’ | H. {*Nem csalás, nem ámitás!*} [littéralement: Il n’y a pas tromperie.]} | E. {*No hay engaño/chanchullo*.} | G. {*Nada na man, nada nos petos. / Nada por aquí, nada por aquí*.} | A. {*Nichts in den Händen, nichts in den Taschen*.}

(65o) F. *Aux innocents les mains pleines*. | H. {*Bolondnak kedvez a szerencse*. [littéralement: A sorte sorrille ós tolos]} | E. {*Los inocentes tienen las manos cargadas de fortuna*.} | G. {*Cada meniño ó nacer trae un pan baixo do brazo*.} | A. {*Die Unschuldigen haben die Hände voller Glück*.}

Os exemplos (63–65) perfilan diversos dominios cognitivos como: traballo (63a, 64a, 65b, 65d), detención, captura de alguén (64e, 65c, 65e), aprendizaxe, adestramento, práctica (65f, 65g), afouteza (63b, 64c), xogo de cartas (63d, 65l), brutalidade, violencia (64e), calvicie (65m), sorte (65o), competencia (65i), coacción (65h), duración (65a), préstamo de libros, de documentos (65n), franqueza (65ñ), mendicidade (63c), nudez (64d), rapidez (64b), renuncia (65l).

Nos equivalentes húngaros, o lexema *kéz* pode estar sobreentendido (5 casos: 63a, 63b, 63c, 63d, 65c), substituído por outro lexema somático (5 casos: 64a, 64b, 64c, 64d, 64e) ou – na maioría dos casos – totalmente ausente (13 casos: 65a, 65b, 65d, 65e, 65f, 65g, 65h, 65i, 65l, 65m, 65n, 65ñ, 65o). Nos equivalentes españois, o lexema *mano* pode estar explícito (10 casos: 63a, 63c, 63d, 64b, 64c, 65b, 65e, 65g, 65h, 65o), substituído por outro lexema somático (4 casos: 63b, 64a, 64d, 64e) ou totalmente ausente (9 casos: 65a, 65c, 65d, 65f, 65i, 65l, 65m, 65n, 65ñ). Nos equivalentes galegos, o lexema *man* pode estar explícito (7 casos: 63a, 63c, 64b, 64e, 65b, 65e, 65f), substituído por outro lexema somático (11 casos: 63b, 64c, 65a, 65c, 65d, 65g, 65f, 65i, 65l, 65n, 65o) ou totalmente ausente (4 casos: 64a, 64d, 65m, 65ñ). Nos equivalentes alemáns, o lexema *hand* pode estar explícito (10 casos: 63a, 63b, 64b, 64e, 65a, 65c, 65g, 65i, 65ñ, 65o), substituído por outro lexema somático (2 casos: 64d, 65m) ou totalmente ausente (9 casos: 63c, 63d, 64a, 65b, 64c, 65d, 65e, 65f, 65n). Os vínculos xenéticos entre francés, español, galego e alemán poden explica-la existencia en relación co húngaro –cun número de casos relativamente elevado– da categoría ‘lexema *man* explicitada nos equivalentes’. A categoría ‘lexema *man* ausente de equivalencias’ dáse, evidentemente, na maioría dos exemplos do húngaro (13 casos), pero a idiosincrasia dunha lingua queda ben patente polo feito de que, mesmo nas linguas xenética e tipoloxicamente próximas ó francés, atopamos 9 casos de 23.

### 3. Conclusións

Como conclusión, podiamos dicir que o lexema *man*, un dos constituíntes básicos do fondo léxico de cada lingua, presenta unha gran riqueza de combinacións sintagmáticas e fixadas, así como perfís cognitivos onomasiolóxicos variados nas linguas analizadas. O noso exame despexou tres grandes categorías cognitivas naturais, universais, que se agochan, organizadas parcialmente e doutro xeito, nas entradas dos dicionarios

monolingües analóxicos e que foron completadas e enriquecidas neste traballo con numerosos exemplos atopados na lingua falada e na Internet.

Nas linguas analizadas, que pertencen a grupos e tipos de linguas diferentes (tres románicas: francés, español e galego; unha xermánica: alemán; e unha ugro-finesa: húngaro), a *man* fixa fundamentalmente os mesmos perfís lingüísticos. Na maioría dos casos, estes perfís son explicitados por formas lingüísticas, esencialmente fraseolóxicas, idénticas ou moi semellantes. Isto demostra o importante papel lingüístico e onomasioloxicamente formador da *man*, pero tamén a existencia dun fondo cultural e fraseolóxico europeo común debido ás influencias mutuas das culturas e das linguas que cohabitan.

#### 4. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (ed.) (2008): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología. Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation*. Band 41, Frankfurt am Main: Peter Lang.
- ARISTOTE (2002): *Les parties des animaux*. Édition bilingue français-grec. Paris: Les Belles Lettres.
- BAÑCZEROWSKI, J. (2009): *A világ nyelvi képe. A világgép mint a valóság metaképe a nyelvben és a nyelvhasználatban*. (A imaxe lingüística do mundo. A imaxe lingüística como metaimaxe da realidade na lingua e na fala). Budapest: Tinta Könyvkiadó.
- BÁRDOSI, V. (1997): *Francia–magyar szólásszótár. Tematikus gyűjtemény és gyakorlókönyv*. (1000 locucións francesas e os seus equivalentes húngaros. Selección temática e libro de exercicios). Budapest: Corvina Kiadó.
- (1999): “Entre fil d’Ariane et tonneau des Danaïdes. Problèmes de classification des phrasèmes français”, en *Revue d’Études Françaises (Budapest)* 4; 23-33.
- (2003): *Magyar szólástár*. (Tesouro fraseolóxico do húngaro) Budapest: Tinta Könyvkiadó.
- BÁRDOSI, V.; ETTINGER, S.; STÖLTING, C. (2003<sup>3</sup>): *Redewendungen Französisch/Deutsch. Thematisches Wörter- und Übungsbuch*. Tübingen / Basel: Francke Verlag (UTB Romanistik).
- BÁRDOSI, V.; HESSKY, R. (2007): “Phraseographie des Ungarischen”, en BURGER, Harald; DOBROVOL’SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter; NORRICK, Neal R. (eds.): *Phraseologie/Phraseology. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung / An International Handbook of Contemporary Research*. Halbband / Volume 2, Berlin / New York: Walter de Gruyter, 1017-1026.
- BEAUCHESNE, J. (2001): *Dictionnaire des cooccurrences*. Montréal: Guérin.
- BURGER, H.; BUHOFER, A.; SIALM, A. (1982): *Handbuch der Phraseologie*. Berlin / New York: Walter de Gruyter.
- BURGER, H. (2003/2007): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt Verlag (3ª nova ed. revisada).

- BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter; NORRICK, Neal R.(eds.) (2007): *Phraseologie/Phraseology. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung / An International Handbook of Contemporary Research*. Halbband / Volume 28,1; 28,2, Berlin / New York: Walter de Gruyter.
- CASARES, J. (1950): “La locución, la frase proverbial, el refrán y el modismo.”, en *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: Aguirre.
- Clave. *Diccionario de uso del español actual* (1999): Madrid: Ediciones SM / Clave SME: <http://clave.librosvivos.net> [Data de consulta: 19/06/2009].
- DECREUSE, M. (2003): *ABC de la chiromancie*. Paris: Grancher, coll. ABC Étotérisme.
- DOBROVOL'SKIJ, D. (1995): *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik. Studien zum Thesaurus deutscher Idiome*. Tübingen: Gunter Narr Verlag.
- Duden – Deutsches Universalwörterbuch A–Z* (1989): Mannheim / Wien / Zürich: Dudenverlag.
- Duden – Redewendungen und sprichwörtliche Redensarten. Wörterbuch der deutschen Idiomatik* (2008<sup>3</sup>) [1992]: Mannheim / Leipzig / Wien / Zürich: Dudenverlag. Band 11 (3ª ed. revisada e actualizada)
- Duden – Das große Buch der Zitate und Redewendungen* (2002): Mannheim / Leipzig / Wien / Zürich: Dudenverlag.
- ETTINGER, S. (1989): “Einige Probleme der lexikographischen Darstellung idiomatischer Einheiten (Französisch-Deutsch)”, en GRÉCIANO, G. (ed.): *Europhras 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International, Klingenthal-Strasbourg (France), 12–16 mai 1988*. Strasbourg: Université des Sciences Humaines, Département d'Études Allemandes. Collection Recherches Germaniques 2, 95-115.
- (2008): “Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual de investigación”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 95-127.
- HESSKY, R.; ETTINGER, S. (1997): *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*. Tübingen: Gunter Narr Verlag (Narr Studienbücher).
- FERRO RUIBAL, X. (2008): “A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística”, en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología. Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation*. Band 41, Frankfurt am Main: Peter Lang, 129-189.
- FOCILLON, H. (1947): “Éloge de la main”, en *Vie des formes*. Paris: P.U.F.
- GONZÁLEZ REY, I. (2002): *La phraséologie du français*. Toulouse: Presses Universitaires du Mirail.
- LE FUR, D. (dir.) (2007): *Dictionnaire des combinaisons de mots*. Paris: Le Robert.
- Le Nouveau Petit Robert de la langue française* (2007, version électronique sur CD-ROM): Paris: Dictionnaires Le Robert.
- MARTÍN SÁNCHEZ, M. (1997): *Diccionario del español coloquial (dichos, modismos, y locuciones populares)*. Madrid: Tellus.

- MELLADO BLANCO, C. (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán. Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation*. Band 13, Frankfurt am Main: Peter Lang.
- MOLINER, M (1983): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.  
<http://www.elcastellano.org/diccio.html/> [Data de consulta: 11/05/2009].
- O. NAGY GÁBOR (1976<sup>2</sup>): *Magyar szólások és közmondások*. Budapest: Gondolat.
- PEASE, A. (1988): *Body Language. How to read others' Thoughts by their Gestures*. London: Sheldon Press.
- PIIRAINEN, E. (2005): "Europeanism, internationalism or something else? Proposal for a cross-linguistic and cross-cultural research project on widespread idioms in Europe and beyond", en *Hermes. Journal of Linguistics* 35, 45-75.
- POIRIER, J. (dir.) (1968): *Ethnologie générale*. Paris: Gallimard (Encyclopédie de la Pléiade, 24), XVII.
- Real Academia Española. Diccionario de la lengua española*. (Vigésima segunda edición, versión electrónica) <http://www.rae.es/rae.html/> [Data de consulta: 19/06/2009].
- REY, A.; CHANTREAU, S. (1997): *Dictionnaire des expressions et locutions*. Paris: Dictionnaires le Robert.
- RÖHRICH, L. (1994<sup>2</sup>): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Band 1-5, Freiburg, Basel, Wien: Herder / Spektrum.
- SARDELLI, M<sup>a</sup> Antonella (2008): "Las manos en los fraseologismos italianos y españoles", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Fixed Expressions in Cross-Linguistic Perspective. A Multilingual and Multidisciplinary Approach*. Hamburg: Verlag Dr. Kovac, 303-321.
- SCHEMANN, H. (2000): *Idiomatik und Anthropologie. ‚Bild‘ und ‚Bedeutung‘ in linguistischer, sprachgenetischer und philosophischer Perspektive*. Hildesheim: Georg Olms Verlag.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; CANTERA ORTIZ DE URBINA, J. (2004): *Diccionario temático de locuciones francesas con su correspondencia española*. Madrid: Gredos.
- STRUTHERS, J. (2006): *La Bible de la Chiromancie: Un guide pratique pour la lecture des lignes de la main*. Paris: Éditeur Guy Trédaniel.
- TLFi. *Le Trésor de la Langue Française informatisé*. <http://atilf.atilf.fr/tlf.htm/> [Data de consulta: 09/05/2009].
- WERNY, P.; SNYCKERS, A. (1982): *Dictionnaire des locutions français-allemand*. Paris: Larousse.

## Agradecementos

O autor agradécelle á Dra. Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela) a iniciativa para a publicación deste estudo e a Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñero para a Investigación en Humanidades) por ofrece-los equivalentes fraseolóxicos galegos do corpus e engadir notas explicativas dos frasemas galegos. O autor tamén quere dárle-las grazas ós profesores Stefan Ettinger (Universidade de Augsburgo), Erzsébet Knipf (Universidade Eötvös Loránd de

Budapest, Hungría, Departamento de Estudos Alemáns), Janusz Bańczerowski (Universidade de Eötvös Loránd de Budapest, Hungría, Departamento de Estudos Polacos), M. Emilio Francisco Pérez Sevilla (Universidade Eötvös Loránd de Budapest, Departamento de Estudos Españois), Regina Hessky (Universidade Károli Gáspár de Budapest, Departamento de Estudos Alemáns), Ildikó Szijj (Universidade Eötvös Loránd de Budapest, Departamento de Estudos Portugueses) polos seus marabillosos comentarios e suxestións.